



CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de xullo de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte minutos do día dez de xullo de dous mil vinte e seis, en segunda convocatoria e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(583).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 1 de xullo e ordinaria do 3 de xullo de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(584).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS. EXPTE. 20998/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/07/2026, asinado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

S.ord. 10/07/2026



ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional contencioso-administrativa

1.- Contencioso. Expediente nº 20407/111

Sentenza nº 97 do 8 de maio de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 14/2026

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos no portal do edificio pola actuación dos bombeiros)

Expte(s): 7611/243

Contía: 568,70 €

Sentenza estimatoria do RC-A interposto contra a desestimación, por silencio, da RPA presentada por unha comunidade de veciños, polos danos padecidos como consecuencia da actuación municipal do servizo de bombeiros, consistente na rotura dunha pechadura dunha porta, con ocasión de evacuar do edificio a unha persoa que accedeu ao mesmo polo muro exterior. O importe da reclamación ascende a 568,70 euros.

O Concello alegou ausencia de responsabilidade por considerar que dito dano foi ocasionado, indirectamente por un terceiro, que accedeu ao edificio de xeito irregular, e neste intento de acceso padeceu un accidente que motivou a entrada dos bombeiros ao edificio e o seu rescate; de xeito que será a aseguradora do edificio a que reclame a esa terceira persoa os danos ocasionados pola súa actuación.

A sentenza pola contra entende que quen debe dirixirse contra ese terceiro é o Concello; que a actuación municipal, sexa normal ou anormal, foi a que provocou o dano, e polo tanto debe aboar dito importe á demandante.

Con expresa imposición de custas ao Concello de Vigo co límite máximo de 200 euros. A sentenza foi aclarada mediante auto do 21 de maio, en relación a erros materiais advertidos pola demandante, sen que afecte ao fallo. Contra esta sentenza non cabe recurso.

Darase conta deste resolución ao servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial e á xefatura do servizo de Bombeiros para o seu cofecemento.

2.- Contencioso. Expediente nº 20595/111

Sentenza do 28 de maio de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 76/2026

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA de data 31/07/2025 (danos por filtración de auga en garaxe)

Expte(s): 7867/243

Contía: 487,50 €

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerarse que non existe responsabilidade patrimonial imputable ao Concello de Vigo por unhas filtracións nun garaxe, xa que do informe peri-





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

cial resulta que non son atribuíbles a un defecto de execución das obras da praza publica e tam-pouco acredita que se deberan a un desbordamento do alcantarillado, xa que se plantexa como unha mera hipótese.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

3.- Contencioso. Expediente nº 20284/111

Decreto nº 24 do 1 de xuño de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 8/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA (danos persoais por caída na vía pública)

Expte(s): 7829/243

Contía: 4.800,00 €

O Decreto xudicial, firme, acorda ter por desistido ao recorrente e declara o remate do proceso.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

4.- Contencioso. Expediente nº 20621/111

Sentenza nº 119 do 4 de xuño de 2006

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 84/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA de data 28/06/2025 (danos por caída na vía pública)

Expte(s): 7862/243

Contía: 12.618,96 €

A sentenza, firme e sen imposición de custas, estima parcialmente o recurso interposto fronte á desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos padecidos como consecuencia da caída na rúa Gamboa á altura da rúa Carral, ao tropezar no oco onde antes había un bolardo: declara non axustada a dereito a actuación administrativa condenando ao Concello a abonar ao recorrente a indemnización que fixa en 11.689,08 euros incrementados cos intereses legais.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

5.- Contencioso. Expediente nº 19829/111

Sentenza nº 227 do 12 de xuño de 2026

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7018/2026

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Apelación da sentenza nº 193 do 21 de outubro do 2025 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Ordinario 326/2024 (expediente nº 17992/111)

Obxecto do recurso de orixe: Resolución do 30/09/2024 en materia de RPA

Expte(s): 6493/243

Contía: 68.001,48 €

S.ord. 10/07/2026



Na sentenza a Sala acorda: 1) estimar o recurso interposto por Althenia, SLU fronte á sentenza de instancia que no PO 326/2024 desestimou o recurso interposto fronte ao Concello de Vigo contra a resolución que estimou a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada con motivo da caída do recorrente cando circulaba en bicicleta polo carril bici situado na Avda. de Castelao, pola presenza de resina procedente dunha árbore (expediente 6493/243), 2) revocar a sentenza de instancia declarando non conforme a dereito a resolución ditada no expediente 6493/423, e 3) declarar a responsabilidade patrimonial nun 50 por cento do Concello de Vigo e de Althenia, SLU.

A sentenza non é firme, pero contra ela so cabe interpor recurso de casación, non contén condena en custas .

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

6.- Contencioso. Expediente nº 20686/111

Sentenza nº 135 do 19 de xuño de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 112/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo de reclamación de RPA de data 25/09/2025 (danos por caída na vía pública)

Expte(s): 7919/243

Contía: 571,50 €

A sentenza, firme e sen imposición de custas, desestima o recurso interposto contra a desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola recorrente polos danos padecidos (solicitando unha indemnización de 571,50 euros), como consecuencia dunha caída na rúa Ecuador.

No FD 3º razoa os motivos da desestimación concretados: a carga probatoria recae exclusivamente sobre a reclamante e non consta proba suficiente da antixuridicidade do dano: a entidade do desperfecto alegado como causa do dano.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

7.- Contencioso. Expediente nº 19860/111

Sentenza nº 137 do 19 de xuño de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 371/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de RPA (danos por caída na vía pública)

Expte(s): 7390/243

Contía: 24.273,08 €

A sentenza, firme e sen imposición de custas, desestima o recurso interposto fronte á desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos padecidos (estimados en 24.273,08 euros), logo dunha caída na rúa Jacinto Benavente 15.

No FD 3º razoa os motivos da desestimación, partindo de que a carga da proba de que o resultado prexudicial sufrido é antixurídico corresponde á parte demandante, sen que no caso concreto





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

se acreditase un defecto da beirarrúa de suficiente entidade, non resultando esixible á Administración "un enrasado perfecto del pavimento público".

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

8.- Contencioso. Expediente nº 19905/111

Sentenza nº 139 do 11 de xuño de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Ordinario: 416/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 28/07/2025 de aprobación da rectificación e actualización do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Vigo

Expte(s): 21067/240

Contía: Indeterminada

Sentenza que desestima o RC-A presentado pola parte recorrente contra o inventariado dun tramo do camiño de Ameixeira (Alcabre) como público. A parte demandante solicitaba a súa baixa como público por considerar que o camiño é privado e forma parte da súa propiedade.

O xulgado aclara que a vía contencioso-administrativa só revisa a competencia e o procedemento. A disputa definitiva sobre a propiedade (titularidade civil) correspóndelle á Xurisdición Civil. O Concello aportou probas técnicas suficientes de que o camiño é público. Xa figuraba no Inventario Municipal e no PXOM de 1993, así como no PXOM de 2025. O camiño serve de único acceso rodado para que outras parcelas teñan a condición legal de "solar". O feito de que os veciños pechasen o camiño non cambia a súa natureza xurídica nin o converte en privado.

Contra esta sentenza cabe recurso de apelación. Sen expresa imposición de custas.

Darase traslado da mesma ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

9.- Contencioso. Expediente nº 20479/111

Sentenza nº 96 do 8 de maio de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 12/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de data 01/12/2025 ditada en expediente sancionador

Expte(s): 351390/280

Contía: 2.100,00 €

Sentenza firme que anula e revoga a resolución do Concello de Vigo do 20 de agosto de 2025 (e a súa reposición) por ser contraria a Dereito (xa que o Concello nunca debeu archivar as infraccións moi graves por falta de identificación). E denega a petición do actor de reiniciar todo o procedemento.

O demandante foi multado por dúas infraccións de exceso de velocidade en 2024 e 2025; o Concello de Vigo envioulle requirimentos para identificar ao condutor dos vehículos; ao non constar resposta (os avisos postais quedaron "en lista" sen recoller en Correos), o Concello publicou os requirimentos no BOE e iniciou dous expedientes por unha infracción moi grave: incumprir a obriga de identificar o condutor. Meses despois, o cidadán presentou alegacións identificándose a si mesmo como o condutor.

S.ord. 10/07/2026



O xuíz determina que as notificacións do Concello foron correctas e legais . Se o cidadán non as recibiu, foi pola súa propia falta de dilixencia ao non recoller as cartas na oficina de Correos tras deixárselle os avisos de paso. O maxistrado cualifica de "torcido proceder", "irregular" e "perigosísimo" o feito de que o Concello arquívase as multas moi graves. A lei outorga un prazo estrito de 20 días naturais para identificar ao condutor. Calquera identificación posterior é extemporánea. O Concello non podía pasar por alto esa infracción xa consumada para tramitar as multas de velocidade.

A sentenza foi ditada sen expresa imposición de custas e contra a mesma non cabe recurso.

Darase traslado desta resolución xudicial aos servizos de Seguridade e Recadación Executiva para o seu coñecemento.

10.- Contencioso. Expediente nº 20333/111

Sentenza nº 124 do 20 de maio de 2025

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 19/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de data 19/09/2025, ditada en expediente sancionador

Expte(s): 352023/280

Contía: 1.000,00 €

A sentenza firme desestima o recurso e confirma a conformidade a dereito da inadmisión do recurso de reposición presentado en vía administrativa por extemporáneo contra unha sanción de tráfico xa que, de conformidade co art. 95.4 TRLTSV, a denuncia formulada converteuse en resolución sancionadora aos 20 días ao non terse presentado alegacións e o recurso presentouse transcorrido o prazo de 1 mes.

Debe coñecer o resolto o servizo de Seguridade.

11.- Contencioso. Expediente nº 20620/111

Sentenza nº 111 do 27 de maio de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviado: 52/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de imposición de sanción de 600 euros, e detracción de 6 puntos do permiso de conducir

Expte(s): 353882/280

Contía: 600,00 €

A sentenza, firme, desestima o recurso con imposición de custas ao considerar que a sanción de tráfico por exceso de velocidade é conforme a dereito; desestimando os alegatos da necesidade de 2 fotografías (xa que o cinemómetro utilizado, tal e como consta no certificado, é estático de efecto DOPLER e situado nun vehículo tutelado por un operador), da non aplicación da marxe de erro á velocidade medida (xa que si se aplicou) e tamén da infracción do principio de tipicidade da infracción.

Debe coñecer o resolto o servizo de Seguridade.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

12.- Contencioso. Expediente nº 20552/111

Sentenza nº 140 do 11 de xuño de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 70/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 22/12/2025 ditada en expediente sancionador

Expte(s): 353281/280

Contía: 200,00 €

A sentenza firme: 1) estima o recurso interposto contra a resolución de 25/03/2025 da concelleira delegada da Área de Seguridade que impuxo ao recorrente unha sanción de 200 euros por non facilitar a súa identidade ou colaborar cos axentes estando o vehículo da súa propiedade implicado nun accidente de circulación, 2) anula as resolucións revocándoas e deixándoas sen efecto, e 3) condena ao Concello a devolver a cantidade de 200 euros. Impón as custas á Administración co límite de 75 euros máis IVE.

No FD 2º. a sentenza razoa que non pode operar a presunción de veracidade, dado que os axentes non estaban presentes no momento do accidente, nin estaban encargados das regulación do tráfico: nin se constatou a existencia real dun accidente; e a denuncia non cumpre os mínimos requisitos formais.

Deben coñecer o resolto os servizos de Seguridade e o de Recadación Executiva.

13.- Contencioso. Expediente nº 20464/111

Decreto nº 11 do 17 de marzo de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Ordinario: 43/2026

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución desestimatoria de solicitudes efectuadas o 22/04/2025 e o 02/07/2025 e resolución desestimatoria dos recursos de reposición formulados o 08/10/2025 (vehículo VTC)

Expte(s): 5098/449

O decreto xudicial, firme, acorda ter por desistida á recorrente e declara rematado o procedemento.

Debe coñecer o resolto o servizo de Transportes.

13.- Contencioso.

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo

Abreviados

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación das retribucións complementarias do posto de traballo desenvolvido en período de prácticas como Policía Local

Ref. Asesoría Xurídica	Procedemento Abreviado	Núm. Decreto	Data Decreto	Expediente administrativo
17565/111	219/2024	24	08/05/2026	43951/220
17564/111	218/2024	25	08/05/2026	43941/220

S.ord. 10/07/2026



Ref. Asesoría Xurídica	Procedemento Abreviado	Núm. Decreto	Data Decreto	Expediente administrativo
17553/111	213/2024	26	08/05/2026	43909/220
17557/111	211/2024	27	11/05/2026	43944/220
17555/111	210/2024	28	11/05/2026	43939/220
17563/111	217/2024	29	14/05/2026	43950/220
17554/111	212/2024	30	14/05/2026	43908/220

Decretos firmes polos que se teñen por desistidos aos demandantes dos seus RC-A, e se declara a terminación dos procedementos.

Trátase duns RC-A sobre o mesmo obxecto que estaban suspendidos, que se tramitaron como preito testemuña no PA 209/2024, nos que se reclamaba polos axentes da Policía Local en prácticas ao Concello de Vigo, o pagamento dos complementos específico e de destino da Policía Local durante o período de prácticas. O RC-A tramitado como preito testemuña foi desestimado polo XCA-2 de Vigo, e esta sentenza do XCA-2 foi confirmada polo TSXG, polo que á vista deste resultado, se levanta a suspensión destes Procedementos Abreviados e os demandantes desisten dos mesmos. Polo que o xulgado archiva as actuacións.

Sen custas.

Darase traslado destas resolucións á área de RRHH e Formación e á xefatura da Policía Local a efectos do seu coñecemento.

14.- Contencioso. Expediente nº 19491/111
Auto nº 44 do 7 de maio de 2026
Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 2 de Vigo
Execución definitiva: 19/2026
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Execución da sentenza nº 873 do 30 de xuño do 2025 ditada polo Tribunal Supremo, Sección do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª (expediente nº 14404/111)
Obxecto do recurso de orixe: Retribucións. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extraordinarias durante os últimos 5 anos. Policía Local.
Expte(s): 35363/220, 38266/220
Contía: Indeterminada

Auto firme que desestima a demanda executiva do demandante (Policía Local) na que mostra desconformidade co período indemnizatorio executado polo Concello, en execución da sentenza do TS na que se lle recoñece a festividade e nocturnidade en días non traballados entre 2016 e 2020. O demandante entende que dito período debe estenderse ata o ano 2023 e o Concello aboar, en execución de sentenza, ese período a maiores do que foi obxecto do RC-A.

Mediante este Auto se desestima dita pretensión, xa que o período que foi obxecto do RC-A, e logo confirmado polo TS, comprende os catro anos anteriores á súa reclamación, e a pretensión do demandante posterior ao ano 2020 non foi obxecto do seu recurso, de xeito que "La realidad de los hechos es que tanto la pretensión de la demanda, como el fallo estimatorio del TSJG, como los términos de la STS que estudiamos, se han proyectado sobre el reconocimiento de derechos del recurrente hasta la solicitud cuya desestimación ha originado el recurso contencioso ad-





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

ministrativo. El debate argumental se suscitó en torno al alcance retroactivo de ese reconocimiento de derechos, el plazo de prescripción de aplicación, pero nada se abordó, ni se argumentó en torno a una eventual proyección futura del sentido estimatorio del fallo".

Polo exposto se desestima a demanda executiva, e entende cumprida a STS Contencioso Sección 4 do 30 de xuño de 2025 (número 873/2025 -Recurso: 218/2023).

Darase traslado deste Auto á área de RRHH e Formación para o seu coñecemento.

15.- Contencioso. Expediente nº 20320/111

Sentenza nº 378 do 10 de xuño de 2026

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 122/2026

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Apelación da sentenza nº 229 do 18 de decembro do 2025 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado 296/2025 (expediente nº 19414/111)

Obxecto do recurso de orixe: Reclamación de cantidades polos conceptos de nocturnidade e festividade non percibidos durante IT. Policía Local

Expte(s): 35363/220, 38266/220 e 45091/220

Contía: Indeterminada

A sentenza estima parcialmente o recurso interposto fronte á sentenza do Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo, que estimou parcialmente o recurso presentado fronte á desestimación por silencio do recurso interposto contra o Acordo da XGL de 10/06/2021, e declarou o dereito do demandante a percibir os complementos de nocturnidade e festividade durante as vacacións, parte proporcional das pagas extraordinarias e situacións de baixa por incapacidade temporal, días de asuntos e demais permisos retribuídos, así como os intereses correspondentes non abonados nos 4 anos anteriores á presentación da reclamación, que revoca en dous aspectos: (1) estender a declaración do dereito do demandante ao abono dos complementos por nocturnidade e festividade durante as vacacións, incapacidade temporal días de libre disposición e demais permisos retribuídos, ao período comprendido entre a data da solicitude (28/02/2020) e a aprobación da RPT aprobada polo Concello, e (2) incluír o dereito ás pagas extraordinarias e intereses moratorios e procesuais.

Debe coñecer o resolto a área de RRHH e Formación.

16.- Contencioso. Expediente nº 20060/111

Sentenza nº 126 do 21 de maio de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 459/2025

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Bases de selección convocadas para a adscrición provisional de varios postos de Policía Local na unidade de Protección Cidadá

Contía: Indeterminada

Sentenza pola que se desestima o RC-A interposto polo sindicato CCOO contra unha "adscrición de funcións" da xefatura de Policía Local a determinados funcionarios, mediante previa convocatoria interna limitada a funcionariado municipal de dito corpo.

S.ord. 10/07/2026



A demandante alegaba que "el acto administrativo impugnado, a pesar de ser de contenido resolutorio, no fue firmado por órgano competente y tiene defectos de forma por carecer de pie de recurso. Afirma asimismo que la convocatoria de los puestos debió de realizarse por comisión de servicios mediante concurso ordinario, y reservarse un determinado volumen de las mismas para cobertura externa. Asimismo, solicita la ampliación del recurso respecto de los actos de ejecución del acto."

Por parte do Concello foi exposto que "parte de una premisa errónea, pues no existe relación entre la convocatoria de puestos de trabajo realizada el 12 de junio de 2025 y la adscripción provisional al servicio de drones de 20 de agosto de 2025. Afirma que la convocatoria de puestos de trabajo de junio no se llegó a perfeccionar pues quedó a medias la tramitación del procedimiento, y por lo tanto no existió resolución final del procedimiento" e que "el acto administrativo impugnado de 20 de agosto de 2025 no constituye una convocatoria para la cobertura de puestos de trabajo, sino una asignación de funciones para los funcionarios de la policía local".

A sentenza recoñece a postura municipal, e desestima o RC-A, sen expresa imposición de costas. Contra esta sentenza poderá interpoñerse recurso de apelación.

Darase traslado da resolución xudicial á xefatura da Policía Local e a RRHH para o seu coñecemento.

17.- Contencioso. Expediente nº 20437/111

Sentenza nº 123 do 20 de maio de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 40/2026

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación da contía correspondente ás vacacións non desfrutadas no ano 2025 (conductor bombeiro xubilado)

Expte(s): 47188/220

Contía: Indeterminada

A sentenza, firme, estima o recurso por canto considera que resulta procedente o dereito ao pagamento das vacacións non desfrutadas no ano 2025 (13 días polo tempo proporcional en servizo durante o 2025) por estar en situación de incapacidade temporal previa á súa xubilación forzosa.

Debe coñecer e executar o resolto a área de RRHH e Formación.

18.- Contencioso. Expediente nº 20895/111

Auto nº 80 do 23 de xuño de 2026

Tribunal de Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, Praza nº 1 de Vigo

Abreviado: 182/2026

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da XGL de data 17/04/2026 desestimatoria de recurso de alzada formulado contra acordo de tribunal de selección (prazas Oficial coidador, mantemento, vixilancia e control VigoZoo - Persoal laboral fixo)

O auto inadmite por falta de xurisdición o recurso contencioso-administrativo interposto contra a resolución do Concello de Vigo que á súa vez desestima o recurso de alzada contra o acordo do órgano de selección para a provisión de 4 prazas de Oficial Coidador, Mantemento, Vixilancia e





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

control de VigoZoo como persoal laboral fixo, consonte aos artigos 3.a) 5 e 51.1.a) da LXC-A en relación cos artigos 2.o da LXS.

Debe coñecer o resolto a área de RRHH e Formación.

B. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional social

1.- Social. Expediente nº 19218/111

Sentenza nº 2449 do 28 de maio de 2026

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 4880/2025

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Suplicación – Sentenza nº 280/2025 do 30 de xuño do 2025 ditada polo Xulgado do Social nº 5 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 201/2024 (Expediente nº 17021/111)

Obxecto do procedemento de orixe: Reclamación de cantidades en concepto de diferenzas no pagamento das horas extraordinarias realizadas dende o 01/01/2020 ata o 30/06/2023

Sentenza do TSXG pola que se desestima o recurso de suplicación interposto polo Concello contra a sentenza do XS-5, núm. 280/2025.

A traballadora (oficial almaceneira para o Concello de Vigo dende 2011) reclamou as diferenzas económicas polas horas extraordinarias realizadas entre os anos 2020 e xuño de 2023; o Xulgado do Social nº 5 de Vigo ditou unha primeira sentenza (nº 280/2025) estimando parcialmente a súa demanda e condenou ao Concello a pagarlle 3.725,41 euros máis un 10% de interese anual por mora.

O Concello de Vigo interpuxo este recurso de suplicación para anular a condena; e baseou o seu recurso en dous motivos principais, os cales foron rexeitados polo TSXG:

(1) A fórmula de cálculo das horas extras: o Concello alegaba que aplicaba a fórmula que marcaba o seu propio "Acordo Regulador" interno. A Sala recolle na sentenza que o Estatuto dos Traballadores (art. 35.1) é unha norma superior e imperativa; que o valor da hora extras nunca pode ser inferior ao da hora ordinaria; como o método do Concello pagaba as extras por baixo do prezo da hora común, a súa fórmula era ilegal;

(2) O Concello sostivo que o dereito para reclamar o diñeiro dos anos 2020, 2021 e 2022 xa prescribira, pois as accións laborais caducan ao ano. A Sala indica que o prazo do ano interrompeuse legalmente varias veces. Primeiro, porque a empregada pediu uns documentos oficiais que o Concello tardou máis de dous anos en entregarlle (de 2021 a 2023); segundo, pola interposición dun conflito colectivo por parte do sindicato CCOO que conxelou os prazos. Por tanto, ningunha cantidade prescribiu.

A sentenza impón as custas ao Concello por importe total de 750 euros, e contra a mesma pode interpoñerse recurso de casación para unificación de doutrina.

Darase traslado desta resolución á área de RRHH e Formación para o seu coñecemento.

2.- Social. Expediente nº 20703/111

Decreto nº 232 do 3 de xuño de 2023

Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 1 de Vigo

S.ord. 10/07/2026



Seguridade social: 265/2026
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Solicitud de incapacidade permanente absoluta

Esta resolución acorda a desistencia da parte demandante e o arquivo das actuacións. O recurso dirixido contra o Concello porque no pasado (1994) figurou como contratada, tiña relación co recoñecemento dunha incapacidade permanente absoluta polo INSS.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do recurso.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvimento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(585).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA ALBORADA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR”: ANOS 2026-2029. EXPTE. 296892/301.

Visto o informe xurídico de data 03/06/2026 e o informe de fiscalización de data 06/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/06/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA” é unha organización sen ánimo de lucro, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior, que ten como actividade fundamental a defensa dos individuos e da colectividade contra a utilización ilícita de todo tipo de drogas e como fins a toma de conciencia colectiva sobre os danos producidos pola utilización das drogas (especialmente na poboación xuvenil), a creación de módulos de defensa social contra a droga, con actividades distribuídas nos campos epidemiolóxicos, preventivos e asistenciais e a colaboración con organismos e entidades públicas ou privadas que teñan relación coa problemática da drogodependencia.

A Asociación ALBORADA leva máis de 40 anos traballando no tratamento e mellora da calidade de vida dos pacientes con trastornos adictivos e, partindo dunha Unidade Asistencial, conseguiu crear unha Comunidade Terapéutica, un Centro de Día, un Centro de menores, unha Escola de familias e levar a cabo programas de prevención e programas de Centro penitenciarios.

I.2. Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de ALBORADA para a realización do «PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR” – ANOS 2026-2029», co que se pretende mellorar a calidade de vida e a incorporación social dos/as usuarios/as da Asociación, promovendo o coñecemento das técnicas de traballo da agricultura ecolóxica.

I.3. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode pro-

S.ord. 10/07/2026



mover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) e no que, atendendo á situación das persoas destinatarias do Programa “Verdear”, podería encadrarse o Convenio obxecto de informe.

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndose as elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fa-cendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.4. A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

I.5. O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade.

Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e co-operación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécense liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

I.6. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO (transferido ó SERGAS desde o 01.01.2026), a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA, como é o caso de ALBORADA.

I.7. Este tipo de accións teñen un encadre metodolóxico e normativo en instrumentos tales como a Estratexia Europea en materia de loita contra a droga e os seus Plans de Acción, que contemplan a prevención do consumo de drogas como o ámbito clave de intervención; a Estratexia Nacional, co seu correspondente Plan de Acción, que ademais establece como necesaria a coordinación entre as distintas Administracións. Concretamente, propón accións de coordinación coas administracións locais e promove a elaboración de plans municipais e supramunicipais; ou a propia Lei 2/96, de 8 de maio de Galicia sobre Drogas, fundamentalmente a través dos Títulos I (da prevención de drogodependencias) e III (particularmente no que atinxe a atribución de competencias, planificación e ordenación, concertos/convenios e coordinación).

I.8. A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento municipal polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da L.38/2003 xeral de subvencións e 26 da L.9/2007 de subvencións de Galicia. A mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

I.9. A concesión da subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvol-

S.ord. 10/07/2026



ver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».

Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03 (*“Asociación ciudadana loita contra a droga”*), por un importe de 12.000€. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*“Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias”*: Convenio coa Asociación Alborada) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.10. En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais/drogodependencias como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobado o texto do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA ALBORADA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR” – ANOS 2026-2029».

SEGUNDO.- Aprobado o gasto que representa, por un importe total de 48.000€, a razón de 12.000€/ano, en concepto de subvención directa á “Asociación ciudadana de lucha contra la





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

droga ALBORADA" (CIF G-36624963). No exercicio de 2026 o gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03 ("Asociación cidadá loita contra a droga". As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións ("Liña 1.3. *Persoas enfermas e persoas con dependencias*": *Convenio coa Asociación Alborada*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha "convocatoria instrumental" e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA ALBORADA" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA "VERDEAR" – ANOS 2026-2029

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D. José Ignacio Jiménez Pereira, con DNI nº 35999806E, Presidente da "Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA", CIF nº G-36624963, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Isaac Peral nº 8, CP 36201 de Vigo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións

S.ord. 10/07/2026



xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D. José Ignacio Jiménez Pereira, actuando en representación da Asociación ALBORADA, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo da Asemblea Xeral do 12.05.2026, asegurando a persoa comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA” é unha organización sen ánimo de lucro que ten como actividade fundamental a defensa dos individuos e da colectividade contra a utilización ilícita de todo tipo de drogas e como fins a toma de conciencia colectiva sobre os danos producidos pola utilización das drogas (especialmente na poboación xuvenil), a creación de módulos de defensa social contra a droga, con actividades distribuídas nos campos epidemiolóxicos, preventivos e asistenciais e a colaboración con organismos e entidades públicas ou privadas que teñan relación coa problemática da drogodependencia.

II.- Que ALBORADA leva máis de 40 anos traballando no tratamento e mellora da calidade de vida dos pacientes con trastornos adictivos e, partindo dunha Unidade Asistencial, conseguiu crear unha Comunidade Terapéutica, un Centro de Día, un Centro de menores, unha Escola de familias e levar a cabo programas de prevención e programas de Centro penitenciarios.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade con problemas de adicción e especiais dificultades de inserción social e laboral que poden verse favorecidas pola implementación dun programa de incorporación social en agricultura ecolóxica como o proposto por ALBORADA.

IV.- Que o Concello de Vigo, segundo a L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continui-





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

dade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrência competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adicións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e co-

S.ord. 10/07/2026



operación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécense liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

VII.- Que o Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO (integrado no SERGAS desde o 01.01.2026), a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA, como é o caso de ALBORADA.

VIII.- Que o Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03 (*“Asociación cidadada loita contra a droga, ALBORADA”*), prevé nominativamente a concesión dunha subvención a favor da Asociación ALBORADA. Trátase, polo tanto, dunha subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

IX.- Que, de acordo co disposto nos Arts. 28.1 da L.38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

O presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución dos orzamentos relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da "Asociación cidadana de lucha contra a droga ALBORADA" para a realización do «PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA "VER-DEAR" – ANOS 2026-2029», co que se pretende mellorar a calidade de vida e a incorporación social dos usuarios da Asociación, promovendo o coñecemento das técnicas de traballo da agricultura ecolóxica.

SEGUNDA.- A Asociación ALBORADA comprométese a colaborar activamente na execución deste Programa e, concretamente a:

- 1) Realizar a contratación de persoal técnico necesario, de acordo coa Memoria presentada.
- 2) Asumir a súa xestión xeral.
- 3) Contribuír ó custo restante do Programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo o previsto naquela Memoria.
- 4) Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.
- 5) Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 6) Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación ALBORADA unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe de 12.000€/ano; en total, polo período de vixencia do Convenio: 48.000€. O gasto de 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03 (*"Asociación cidadana loita contra a droga"*). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias": Convenio coa Asociación Alborada*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

S.ord. 10/07/2026



QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais (pagadas) ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria de actuación. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias participantes nas actividades executadas en virtude deste Convenio.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subven-





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

cionada, previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

OITAVA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes de ALBORADA e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

NOVENA.- ALBORADA comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMA.- ALBORADA poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO TERCEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

S.ord. 10/07/2026



A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.
2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicita a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, proce-





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

dendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publi-

S.ord. 10/07/2026



cacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

4(586).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ORNAMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS FIGURATIVOS LUMÍNICOS DO NADAL. EXPTE. 8586/106.

A) Prórroga da contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal: LOTE 1.

Visto o informe xurídico de data 28/05/2026 e o informe de fiscalización do 02/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/04/2026, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro de Área, que di o seguinte:





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto de ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 11 de outubro de 2022 adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote 1 é de 709.417,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 123.122,01 euros.*
- b) Propón as seguintes melloras:*
 - 1. Incrementa en 100 (nº) m2 a superficie establecida no prego para o set n.º 11 de zonas axardinadas a diferentes alturas recubertas de tepe, con 5 ud de arbolado iluminado cada 20 m2, con unha nevada artificial inicial e dúas reposicións periódicas na campaña, a instalar en diversas rúas e prazas da cidade.*
 - 2. Incrementa en 250 (nº) m a superficie de instalación de pavimento de moqueta vermella ofertada no set n.º 12.*
 - 3. Achega 8 (nº) novos elementos figurativos en 3D dos sets que non teñen renovación parcial anual (sets n.º 1, 4, 5, 6, 7 e 9) de características técnicas similares ao proxecto inicial e cunha temática de nadal.*

c) Incrementa o stock mínimo para a substitución ou intercambio por enriba do mínimo fixado no PPT (10%) nun 5 %”.

Segundo.- En data 08/11/2022 asinouse contrato administrativo entre o Concello e a mercantil EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L..

O prazo de execución da prestación dos servizos é de tres anos. Así mesmo, están contempladas dúas prórrogas de un ano de duración cada unha, correspondéndolle a segunda prórroga do contrato ao período comprendido entre 01/08/2026 e o 31/07/2027.

Terceiro.- A tal fin, con data 28/01/2026 notificóuselle por parte do servizo xestor á empresa EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L.. o interese na prórroga do contrato, polo que consta no

S.ord. 10/07/2026



expediente a presentación do novo proxecto decorativo, correspondente ao Lote 1 a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, doc. 260073705.

Cuarto.- A prestación do servizo durante o prazo de vixencia do contrato viuse desenvolvendo de forma correcta e satisfactoria para os intereses municipais.

Quinto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberase incorporar ao expediente informe xurídico previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- Así mesmo, establécese que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral previamente á aprobación polo órgano de contratación:

Partida: 4310 2279901 "Programa de decoración y animación Nadal".

Sétimo.- Conforme ao contrato asinado o 08/11/2022 e a oferta presentada pola empresa EMICED DISEÑO INTEGRAL, S L. para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do nadal (lote 1), corresponderíanlle os seguintes importes á Campaña do Nadal 2025-2026:

- **Lote 1:** 236.472,42 €
 - Ano 2026: 190.058,38 €
 - Ano 2027: 46.414,04 €

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo anteriormente exposto, e sendo conforme ao contrato á prestación de servizos que se ven desenvolvendo, e ante a necesidade de continuar con esta, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

"PRIMEIRO.- Aprobar a segunda prórroga anual da contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8586-106) na Campaña de Nadal 2026-2027 (Lote 1), con efectos a partir do día 01/08/2026 ata o 31/07/2027, adxudicado á empresa EMICED DISEÑO INTEGRAL, S L., NIF ***5209>> coas seguintes condicións:

- Prezo da prórroga anual do contrato:

- **Lote 1:** 236.472,42 €
 - Ano 2026: 190.058,38 €
 - Ano 2027: 46.414,04 €





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe de 236.472,42 € (IVE engadido) para o Lote 1, con cargo á partida 4310 2279901 “Programa de decoración y animación Nadal” conforme á seguinte execución das anualidades de gasto:

2026: do 01/08 ao 31/12

- 190.058,38 €

2027: do 01/01 ao 31/07

- 46.414,04 €

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) Prórroga da contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal: LOTES 2 e 3.

Visto o informe xurídico de data 28/05/2026 e o informe de fiscalización do 08/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/04/2026, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto de ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de outubro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

S.ord. 10/07/2026



“(…)

1. Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (A-14.041.362) o lote nº 2 “Instalacións decorativas lumínicas transitables” do procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do lote é de 790.614,00 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 137.214,00 euros.

b) As seguintes melloras:

b.1. Achega 2 novos elementos figurativos en 3D transitables no interior, con características técnicas similares ao proxecto inicial, e cunha temática de nadal e cun volume de 8 m³.

c) Incrementa o stock mínimo para a substitución ou intercambio por enriba do mínimo fixado no PPT (10%) nun 5 %.

2. Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (A-14.041.362) o lote nº 3 “Instalacións lumínicas non transitables” do procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8.586-106) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do lote é de 329.059,50 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 57.109,50 euros.

b) As seguintes melloras:

b.1. Achega 2 novos elementos lumínicos 3D, con aporte de elementos figurativos en 3D, e cun volume mínimo de 4 m³ por elemento, de características técnicas similares ao proxecto inicial, e cunha temática de nadal.

c) Incrementa o stock mínimo para a substitución ou intercambio por enriba do mínimo fixado no PPT (10%) nun 5 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Segundo.- En data 31/10/2022 asináronse os contratos administrativos entre o Concello de Vigo e a empresa ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A. O prazo de ambos contratos é de tres anos. Así mesmo, están contempladas dúas prórrogas de un ano de duración cada unha, correspondéndolle a segunda prórroga do contrato ao período comprendido entre 01/08/2026 e o 31/07/2027.

Terceiro.- A tal fin, con data 10/02/2025 notificóuselle por parte do servizo xestor á empresa ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A o interese na prórroga dos contratos, polo que consta no expediente a presentación dos novos proxectos decorativos, correspondentes aos Lotes 2 e 3, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, doc. 260060390 e 260060387.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

Cuarto.- A prestación do servizo durante o prazo de vixencia do contrato viuse desenvolvendo de forma correcta e satisfactoria para os intereses municipais.

Quinto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberase incorporar ao expediente informe xurídico previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- Así mesmo, establécese que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral previamente á aprobación polo órgano de contratación:

Partida: 4310 2279901 "Programa de decoración y animación Nadal".

Sétimo.- Conforme aos contratos asinados o 31/10/2022 e as ofertas presentadas pola empresa ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do nadal (lotes 2 e 3), corresponderíanlle os seguintes importes á Campaña do Nadal 2026-2027:

- **Lote 2:** 263.538 €
 - Ano 2026: 211.812,68 €
 - Ano 2027: 51.725,32 €
- **Lote 3:** 109.686,50 €
 - Ano 2026: 88.152,13 €
 - Ano 2027: 21.534,37 €

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo anteriormente exposto, e sendo conforme ao contrato á prestación de servizos que se ven desenvolvendo, e ante a necesidade de continuar con esta, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**

"PRIMEIRO.- Aprobación da segunda prórroga anual da contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do Nadal (8586-106) na Campaña de Nadal 2026-2027 (Lotes 2 e 3), con efectos a partir do día 01/08/2026 ata o 31/07/2027, adxudicado á empresa ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A, NIF ***0413>> coas seguintes condicións:

- Prezos da prórroga anual do contrato:

- **Lote 2:** 263.538 €
 - Ano 2026: 211.812,68 €

S.ord. 10/07/2026



- Ano 2027: 51.725,32 €
- **Lote 3:** 109.686,50 €
 - Ano 2026: 88.152,13 €
 - Ano 2027: 21.534,37 €

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe de 263.538 €, para o Lote 2, e 109.686,50 €, para o Lote 3 (IVE engadido), con cargo á partida 4310 2279901 “Programa de decoración y animación Nadal” conforme á seguinte execución das anualidades de gasto:

2026: do 01/08 ao 31/12

- Lote 2: 211.812,68 €
- Lote 3: 88.152,13 €

2027: do 01/01 ao 31/07

- Lote 2: 51.725,32 €
- Lote 3: 21.534,37 €

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(587).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DO “PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN ESPECIALIZADA PARA A PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE ACOSO E VIOLENCIA SEXUAL EN ZONAS DE OCIO. PUNTO LILA”. EXPTE. 14434/224.

Visto o informe de fiscalización do 03/07/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do “Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto lila” (14434-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do “Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto lila” (14434-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de abril de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos o 27 de marzo de 2026.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 26 de marzo de 2026 e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 88.053,78 €, que inclúe un IVE (21%) de 15.282,06 € para a contratación da xestión do Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2027 e 2028, desglosado do seguinte xeito: 35.221,51 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2026, 44.026,89 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2027, e 8.805,38 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2028.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 18 de xuño de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- *sesión do 28 de maio de 2026: non se admite a A CASA DAS REDES SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA por non cumprir en prazo o requirimento da Mesa de Contratación para a emenda da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos*
- *sesión do 12 de xuño de 2026: exclúese a SILMAN 97, SL por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP que establece que “Serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden*

S.ord. 10/07/2026



na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do “Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto lila” (14434-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, SL	100,00
2	EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA	78,05

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, FOROX INNOVACIÓN, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FOROX INNOVACIÓN, SL, o día 19 de xuño de 2026, que presenta a documentación requirida os días 23 e 29 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o nomeamento do seu representante.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos na que figura o obxecto social e o nomeamento do seu representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (30.818,82 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (30.818,82 €), figura no expediente certificado de boa execución no que o importe do ano 2025 supera esta cantidade.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

- Seguro de caución por un importe de 3.638,59 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 3 de xullo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FOROX INNOVACIÓN, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FOROX INNOVACIÓN, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 9 e 12 de xuño de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

S.ord. 10/07/2026



- Sesión do 28 de maio de 2026: non se admite a A CASA DAS REDES SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA por non cumprir en prazo o requirimento da Mesa de Contratación para a emenda da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos
- Sesión do 12 de xuño de 2026: exclúese a SILMAN 97, SL por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP que establece que “Serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos”.

Segundo.- Adxudicar a FOROX INNOVACIÓN, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do “Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto lila” (14434-224) por un prezo total do contrato de 88.053,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.282,06 euros, e coas seguintes condicións:

- a) A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3I da FEC do PCAP é do 19,58%.
- b) Incremento da experiencia laboral dos recursos humanos adscritos ao servizo requiridos na cláusula 2.7 do PPT (a maiores das 20 horas esixidas) e nos termos previstos no apartado 7B da FEC do PCAP de 4 das persoas que executarán os traballos.
- c) Incremento da formación en materia de Igualdade entre mulleres e homes e Prevención e Atención da violencia de xénero dos recursos humanos adscritos ao servizo da esixida na cláusula 2.7 do PPT: e nos termos previstos no apartado 7B da FEC do PCAP de 4 das catro persoas que executarán os traballos

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(588).- DAR CONTA DO ESTADO DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4537/449.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 3/07/2026, que di o seguinte:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de transporte urbano de viaxeiros en autobús da Cidade de Vigo (4537-449) (dar conta prazo emisión informe)





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

Dáse conta do escrito asinado polo técnico de Administración Xeral e a xefa do servizo de Transportes de data 26 de xuño de 2026 no que se indica que "(...), actualmente se está a revisar a totalidade do informe, xa practicamente rematado, e cotexando a súa corrección polos membros do comité de traballo." e que se estima que "(...) será entregado non prazo de entre 7-10 días."

En vista do anterior a Mesa de Contratación acorda por unanimidade dos/as membros presentes, comunicar o estado do procedemento ao órgano de contratación e propor a adopción inmediata das medidas organizativas necesarias para garantir a emisión do informe de valoración no prazo máis breve posible.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar coñecemento do estado de tramitación do procedemento.

Segundo.- Dar traslado á xefatura de Transportes, así como aos funcionarios integrantes do comité de valoración ao que se refire na súa dilixencia, para que aseguren a efectiva prestación do apoio técnico requirido á Mesa de Contratación, en tempo e forma.

Terceiro.- Instar aos devanditos funcionarios de carreira a priorizar de forma inmediata os traballos técnicos de valoración pendentes, asegurando a súa finalización sen máis demoras."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(589).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE GOBERNO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DE EXACCIÓNS UNIFICADAS DE INDUSTRIAIS DO ANO 2026. EXPTE. 59591/516.

Dáse conta da referida Resolución de data 29/06/2026, do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe-Proposta da Xestión Tributaria - Dirección de Ingresos,
RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón Fiscal de Exaccions Unificadas de Industriais do ano 2026 (taxa de lixo comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva especial de aparcamento) por importe total de 6.510.254,91 Euros, segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 20284 que figura a nome de "123 WASH LAVANDERIAS

S.ord. 10/07/2026



EXPRESS SL”, e remata coa inscrición nº 51294 que figura a nome de “ÑPS SPORT SL”, cun total de 25.286 inscricións (25.208 recibos) e correspondendo a:

- Taxa de lixo comercial	4.619.068,18.- Euros
- Entrada vehículos	1.852.476,53.- Euros
- Reservas aparcamento	38.710,20.- Euros

2.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza Fiscal Xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(590).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO 2026. EXPTE. 21953/77.

Visto o informe de fiscalización do 07/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/07/2026, asinado pola letrada asesora xurídica-instrutora do expediente (Resolución de 11/06/2026) e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 27 de marzo de 2026 aprobouse as “Bases reguladoras e convocatoria das **SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO. EXPDTE. 21953/77**”.

Ditas bases foron publicadas no BOPPO núm. 62, do 01 de abril de 2026 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS foi publicado no BOPPO no seu número 66 de data 09/04/2026 así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á publicación do extracto no BOPPO (dende o 10/04/2026 ao 23/04/2026, ámbolos dous inclusive, da que resultou a presentación de catro (4) solicitudes:





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

EXPTE.	CIF	ENTIDADE	Data de Rexistro da solicitude
22011-77	G27745397	FUNDAMAR	15/04/26
22015-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	21/04/26
22016-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	21/04/26
22017-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	22/04/26

Todas estas entidades están inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións:

CIF	ENTIDADE	REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS	DATA INSCRICIÓN	EPÍGRAFE
G27745397	FUNDAMAR	1271-16	12/05/16	9.1
G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	1418-22	20/05/22	2.1
G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	1277-16	07/06/16	4.3
G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	1438-23	07/09/23	4.3

Conforme á documentación existente no servizo, procédese a revisar os expedientes coas seguintes conclusións:

1.- Preavaliación das solicitudes

Unha vez revisadas as solicitudes de subvención, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias, segundo o indicado na Base 10ª, decídese ESTIMAR as catro solicitudes presentadas polas entidades: Asociación Clean Energy Ship UVIGO (G09819533), Asociación Estudiantil Uvigo Motorsport (G27809425), Fundación PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO - FUNDAMAR (G27745397) e Asociación tecnolóxica A Industriosa (G27846609), xa que, conforme á documentación existente no servizo, despréndese que cumpren cos requisitos establecidos aos solicitantes nas bases da convocatoria para resultar beneficiarios da subvención.

2.- Avaliación das solicitudes.

As puntuacións máximas que se estableceron nesta comisión para a avaliación das solicitudes presentadas e admitidas son, conforme ao disposto na Base Novena, son as que a continuación se indican:

1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto (ata 20 puntos):

a-1: Corresponde ao apartado 1.a) Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais. 9 puntos.

a-2: Corresponde ao apartado 1.a) Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico laboral e, que teñan viabilidade técnica. 6 puntos.

S.ord. 10/07/2026



a-3: Corresponde ao apartado 1.a) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. 5 puntos.

A puntuación do apartado “áreas económicas relacionadas co proxecto” é a que se establece na mesma Base Novena no seu apartado 2, isto é:

2. Áreas económicas relacionadas co proxecto:

a) Tecnoloxías de comunicación	5 puntos
b) Automoción	5 puntos
c) Industria naval	5 puntos
d) Enerxías renovables	5 puntos
e) Biotecnoloxía	4 puntos
f) Outras áreas e/ou sectores	2 puntos

3. Uso da lingua galega no proxecto. 5 puntos.

4. Nº de persoas contratadas con cargo a esta subvención:

a) 1 punto por cada contrato.

5. Número de persoas participantes no proxecto:

Entre 1 – 5 persoas:	1 punto
Entre 6 – 10 persoas:	2 puntos
Entre 10 – 15 persoas:	3 puntos
Entre 15 – 20 persoas:	4 puntos
Máis de 20 persoas:	5 puntos

E as puntuacións obtidas polas entidades admitidas no proceso de baremación nesta convocatoria de subvencións son:

			BAREMO PUNTUACIÓNS BASE 9ª SUBVENCIONS PROX. INNOVACIÓN, INVESTIGACIÓN E EMPREGO 2026							
EXPTE.	CIF	ENTIDADE	1. Calidade/ viabilidade Técnica (máx. 20)			2. Área económica	3. Uso lingua galega no proxecto	Nº persoas Contratadas	Nº persoas Participantes	TOTAL
			a-1	a-2	a-3					
22011-77	G27745397	FUNDAMAR	9	6	5	2	5	0	1	28
22015-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	9	6	5	5	5	0	5	35
22016-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	9	6	5	5	5	0	5	35
22017-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	9	6	5	5	5	0	4	34

3.- A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades.

A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades resulta como se indica na seguinte táboa:





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

Nº expdte.	CIF	ENTIDADE	Cantidade Solicitada	Puntos	Cantidade asignada 1º reparto	Cantidade asignada 2º reparto	Total 2º reparto	TOTAL CONCEDIDO	% concedido
22011-77	G27745397	FUNDAMAR	11.552,26 €	28	8.484,85	2.292,58	10.777,43 €	10.777,43 €	93,29 %
22015-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	15.000,00 €	35	10.606,06	2.865,73	13.471,79 €	13.471,79 €	89,81 %
22016-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	15.000,00 €	35	10.606,06	2.865,73	13.471,79 €	13.471,79 €	89,81 %
22017-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	2.279,00 €	34	2.279,00	0,00	2.279,00 €	2.279,00 €	100,00 %
Totals			43.831,26	132	31.975,97	8.024,03	40.000,00 €	40.000,00 €	

Valor punto 1º reparto: 303,03 €

Resto para 2º reparto: 8.024,03 €

Valor punto 2º reparto: 81,88 €

Da contía total destinada a estas axudas(40.000,00 €), no primeiro reparto para as entidades a A. Clean Energy Ship Uvigo acadou a cantidade solicitada de subvención (por puntos a cantidade era superior pero limitábase ao solicitado). Ao minorarse o importe correspondente por baremación a esta entidade, quedan sen repartir 8.024,03€, que se volven repartir nunha segunda rolda proporcionalmente aos puntos obtidos por baremación das tres entidades que non alcanzaron o máximo subvencionable (e solicitado). Polo tanto, neste segundo reparto, xa quedan asignadas as cantidades concedidas a cada unha das entidades solicitantes e admitidas, esgotándose os 40.000,00€ desta convocatoria de subvencións.

4.- Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, conforme ao establecido na Base 11.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración fai constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

De conformidade co anteriormente exposto, que se recolle nas actas da Comisión de Valoración de datas 28/04/2026 e 01/07/2026, onde nesta última se realiza a corrección de dous erros na acta anterior detectados por Intervención; e nos termos do establecido na DÉCIMO PRIMEIRA das bases reguladoras do procedemento:

No apartado 5, indica que as solicitudes avalíaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

No apartado 6, especificase que unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instructor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todas as entidades solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

S.ord. 10/07/2026



O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

No apartado 7, establécese que a resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

En canto ao apartado 8, establécese que todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

No apartado 9, indícase que o vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

No apartado 10 figura que contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Finalmente, no apartado 11, indícase que a beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

A teor do previsto nas bases reguladoras da subvención, dos artigos 24.3.b) da LPAC e 25 da LXS e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía do 25/09/2025, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade cos artigos 24.3.b) da LPAC e 25 da LXS, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000 “Programas de axuda ao plan de Emprego” do vixente exercicio orzamentario, pola contía total que se reflicte a seguir:

Nº expdte.	CIF	ENTIDADE	IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA
22011-77	G27745397	FUNDAMAR	10.777,43 €
22015-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	13.471,79 €
22016-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	13.471,79 €
22017-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	2.279,00 €

SEGUNDO: PUBLICAR na Base de Datos Nacional de Subvencións todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo nos termos establecidos nos art. 26 da LXS, art. 40 e 41 da LPAC e Base reguladora 12ª.7, onde se indica que a resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expre-

S.ord. 10/07/2026



samente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(591).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL E ALUGAMENTO DE MAQUINARIA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR NOS PROGRAMAS DE EMPREGO. EXPTE. 21952/77.

Visto o informe xurídico do 30/06/2026 e o informe de fiscalización do 07/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/06/2026, asinado pola letrada asesora xurídica-instrutora do expediente (Resolución de 11/06/2026) e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 20 de xaneiro de 2026 a Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude resolveu iniciar o expediente de para CONTRATACIÓN SUBMINISTRO DE ELEMENTOS NECESARIOS (COMPRA DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA) PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR NOS PROGRAMAS DE EMPREGO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, coa conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, e do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, en data 20/01/2026 (data da última sinatura)
- b) Orde de inicio de 20 de xaneiro de 2026 da quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

- c) Memoria económica do contrato asinada en data 20/02/2026 (última sinatura), pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, corrixida en data 29/04/2026.
- d) Documento contable de retención de crédito de 27/02/2026 (RC 12026000014525, RC 12026000014525, RCFUT 12026000014530, RC 12026000014527, RC 12026000014528, RCFUT 12026000014531, RCFUT 12026000014533, RCFUT 12026000014534)
- e) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 21/04/2026, asinado polo arquitecto técnico aparelador.
- f) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado polo arquitecto técnico aparelador en data 21/04/2026.
- g) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 29 de abril de 2026 (última sinatura) asinada pola técnica de administración xeral, en ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude.
- h) Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 8 de maio de 2026.
- i) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 4 de xuño de 2026, asinado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada nos concelleiros de Área por Decreto Delegación de Alcaldía de 25/09/2025 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025, a Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, en resolución de 20 de xaneiro de 2026, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo arquitecto técnico aparelador e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

S.ord. 10/07/2026



Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o expediente de contratación (21952-77) por procedemento aberto do SUBMINISTRO DE ELEMENTOS NECESARIOS (COMPRA DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA) PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR NOS PROGRAMAS DE EMPREGO..

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 21 de abril de 2026, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 4 de xuño de 2026 que rexerán a contratación do “SUBMINISTRO DE ELEMENTOS NECESARIOS (COMPRA DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA) PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR NOS PROGRAMAS DE EMPREGO.”.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 50.999,42 euros, para a contratación do “SUBMINISTRO DE ELEMENTOS NECESARIOS (COMPRA DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA) PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR NOS PROGRAMAS DE EMPREGO”, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito, no orzamento do 2027, coa seguinte distribución de anualidades:

Lotes	2026	2027	Total	Código aplicación	Denominación aplicación orzamentaria
Lote 1: Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros	9.660,21 €	9.660,21 €	19.320,42 €	2410 2100000	Materiais de construción e mantemento Programas Plan Municipal de Emprego”
Lote 2: Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios	1.297,20 €	1.297,20 €	2.594,40 €	2410 2120000	Mantemento Instalacións (Programas de Emprego).
Lote 3: Materiais para útiles e consumibles	1.999,42 €	1.999,42 €	3.998,84 €	2410 2130000	Mantemento de maquinaria e Útiles (Programas de Emprego)
Lote 4: Materiais para carpintería de madeira	1.692,94 €	1.692,94 €	3.385,88 €	2410 2120000	Mantemento Instalacións (Programas de Emprego).
Lote 5: Materiais para carpintería de aluminio	2.113,82 €	2.113,82 €	4.227,64 €		
Lote 6: Materiais para fontanería e saneamento	2.800,36 €	2.800,36 €	5.600,71 €		
Lote 7: Materiais para electricidade	2.435,87 €	2.435,87 €	4.871,74 €		





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

Lote 8: Aluguer de maquinaria	3.499,89 €	3.499,89 €	6.999,78 €	2410 2030000	Alugueiro de maquinaria (Programas de Emprego)
Total			50.999,42 €		

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(592).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA “FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FINANCIAMENTO DA “FESTA DO MEXILLÓN 2026”. EXPTE 10652/335

Visto o informe xurídico do 18/06/2026 e o informe de fiscalización do 01/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/06/2026, asinado pola técnica media de actividades culturais e deportivas, a xefa do Servizo de Festas e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu o día 1 de xuño de 2026, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa “Federación de Peñas Recreativas El Olivo (CIF G-36.704.666)”, para a realización da “Festa do Mexillón 2026”, o día 6 de setembro de 2026, no Parque de Castrelos (Vigo), dentro da programación “Vigo en Festas 2026”.

A Festa Gastronómica do Mexillón ven organizándose nos últimos anos no Parque de Castrelos dentro do programa das Festas de Vigo con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa desenvolve a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

A “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” está en condicións de organizar a Festa Gastronómica da Mexillón 2026, conforme ao Programa e ao Orzamento achegados no expediente. A presente edición da Festa do Mexillón desenvólverase o día 6 de setembro de 2026, co reparto dos Mexillóns e empanadas, actuacións de grupos folclóricos, entrega do Mexillón de ouro, concerto e verbena amenizada por charangas.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo.

S.ord. 10/07/2026



FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A xustificación desta subvención nominativa vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2.m, 72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Así mesmo no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas El Olivo asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3380.489.0005 (Convenio Festa Mexillón), prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 11.000,00 € (once mil euros) a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo (CIF G-36.704.666) para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento da Festa Gastronómica do Mexillón dentro do programa de Festas de Vigo 2026.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 11.000,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 16.550,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa da Mexillón.

A Federación de Peñas Recreativas El Olivo presenta declaración responsable de non estar incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia.

Consultadas os certificados de débedas obrantes no expediente compróbase que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

En relación ao seguro de RC esixido pola cláusula primeira do texto do convenio, éste debe ser verificado pola mediadora de seguros municipal unha vez presentados pola organizadora do evento no momento da solicitude da autorización ou permiso municipal do evento obxecto desta subvención.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da concesión da subvención nominativa, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do que antecede, e coa conformidade do concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, e tras os informes favorables Xurídico e da Intervención Xeral, faise á Xunta de Goberno local a seguinte:

PROPOSTA:

“1º.- Aprobación da concesión directa dunha subvención nominativa a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo (CIF G-36.704.666), para a organización da “Festa Gastronómica do Mexillón 2026” e aprobar o texto de convenio que a regula.

S.ord. 10/07/2026



2º.- Autorizar e dispoñer o gasto total de 11.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo (CIF G-36.704.666)” con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0005 (Convenio Festa Mexillón) do vixente orzamento.

3º.- Notificar a presente resolución ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa.

Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO (G-36.704.666) PARA A ORGANIZACIÓN DA XXVIII FESTA GASTRONÓMICA DO MEXILLÓN 2026

Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don ANGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 28/06/2024.

Doutra, D. CAMILO PAIS MARTÍNEZ, (DNI 35.995.159-K) como presidente da Federación de Peñas Recreativas El Olivo, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio nº 5 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10652/335.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da XXVIII Festa Gastronómica do Mexillón 2026, que se desenvolverá o día 6 de setembro de 2026, dentro do programa de actividades “**Vigo en Festas 2026**” no Parque de Castrelos. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social. .





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

II.- O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas El Olivo veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica do Mexillón, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Federación de Peñas Recreativas El Olivo ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

IV.- O Concello de Vigo vén organizando a programación de actividades “Vigo en Festas 2026” que se desenvolve nos meses de xuño a setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como o noso folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0005, (Convenio Festa do Mexillón) prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 11.000,00 € (once mil euros), a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo para o desenvolvemento da XXVIII Festa do Mexillón 2026.

IX.- A Federación de Peñas Recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e a Administración de Facenda e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo nin coa Xunta de Galicia, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 10652/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Festa Gastronómica do Mexillón 2026, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base as seguintes

S.ord. 10/07/2026



CLÁUSULAS

Primeira.- A Federación de Peñas Recreativas El Olivo comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da XXVIII Festa do Mexillón 2026 que terá lugar no Parque de Castrelos o día 6 de setembro de 2026, en particular a:

- 1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura, medios materiais e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.
- 2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.
- 3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.
- 4º.- Comezar as actividades do programa ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.
- 6º.- Recoller e distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.
- 7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente de pago, nos días previos ao inicio da festa.
- 8º.- Deixar a zona do Parque de Castrelos que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.
- 9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo Municipal de Seguridade e Mobilidade. A ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia nos días previos ao inicio da festa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segunda.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local para o seu bo desenvolvemento.
- 2º.- Dar Publicidade á festa:
 - a) Achegar un total de cen carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

b) Entregar o material co logo do Concello de Vigo (lonas, plumas...)

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa “Vigo en Festas 2026”.

4º.- Conceder directamente á Federación de Peñas Recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 11.000,00 (once mil euros) co obxecto de coaduxar ao financiamento da organización da XXVIII Festa do Mexillón 2026.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceira.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos a percibir.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarta.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido na cláusula novena.

Quinta.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos a percibir.

Sexta.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétima.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitava.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

S.ord. 10/07/2026



Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos a percibir, a Asociación deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Novena.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes da segunda semana de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
 - Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.
As facturas deberán recoller o nome da empresa, o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
 - De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décima.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeira.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segunda.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceira.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarta.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinta.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada antes da súa publicación polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexta.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza de persoal municipal nas propias actividades programadas.

Décimo sétima.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2026 e non será prorrogábel.

S.ord. 10/07/2026



Décimo oitava.- O concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo novena.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estatase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésima.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento das festas populares, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésimo primeira.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establececerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segunda.- En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Vixésimo terceira.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, no lugar e data que se indican

11(593).- RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO NO PROCESO SELECTIVO DAS PRAZAS DE OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS: OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 46493/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/07/2026, asinado polo secretario do órgano de selección do proceso selectivo para a provisión de prazas de oficial de instalacións municipais, que di o seguinte:

En sesión celebrada o 29 de maio do 2026 polo órgano de selección correspondente ás prazas de **OFICIAL DE INSTALACIONES MUNICIPAIS** da Oferta de Emprego Público 2020-2021-2022, acordouse formular a seguinte PROPOSTA á Xunta de Goberno Local:

Normativa aplicable

- Constitución Española de 1978
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)

S.ord. 10/07/2026



- Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP).
- Bases xerais rectoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024).
- Bases Específicas reguladoras dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 da 2ª fase (BOPPO do 13 de setembro do 2024).

Antecedentes:

Primeiro. O órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas correspondentes ás prazas de **OFICIAL DE INSTALACIONES MUNICIPALES**, na sesión celebrada o 16/04/2026, en relación as alegacións formuladas por Gonzalez Cortegoso, Victor (Doc. 260070419 e 260071800 do 25/03/2026), nas que solicita a repetición do exame alegando a presenza de persoas de apoio nos exercicios 1º e 2º que non consta seu nomeamento pola Xunta de Goberno Local; que non presentáronse todos os membros titulares do tribunal os exercicios; por irregularidades nos exercicios 2 e 3; na valoración dos puntos establecidos para cada un deles, e polo tempo dispoñible para a realización destes; o órgano de selección acordou *DESESTIMAR* ditas alegacións en base o seguinte:

-Persoal de apoio: O persoal de apoio e técnico que asistiu ó órgano de selección da OEP 2020-2021-2022 correspondente ao proceso de selección das prazas de OFICIAL DE INSTALACIONES MUNICIPALES, nos exercicios 1º e 2º, foi o designado por Resolucións de data 29/10/25 e 23/01/2026 da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal .

Iglesias Rejas, L.

Pérez Miniño, A.

Vázquez Costas, P.

Eiríz Blanco, O.

- Órgano de selección: O feito de que os membros do órgano de selección non foran os titulares das vogalías, si non os suplentes, non afecta a súa válida constitución.

- Irregularidades do exercicio 2 : Alegase que as operacións a realizar no tubo de cobre e no de multicapas son independentes, non podendo establecerse un orde de execución das tarefas impedindo que se continúe coa realización do montaxe do tubo de multicapas sen antes rematar o de cobre. O Órgano de selección a desestima xa que no enunciado do 2º exercicio limitábase a sinalar a orde de realización(Debe- ra proceder en primer lugar a preparar el ensamblaje de la tubería de cobre, a conti- nuación la de multicapa y, por ultimo, proceder a la unión de ambas tuberías) polo tanto, non dispoñía que non puidera continuarse coa seguinte tarefa, sen rematar a anterior.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

- Irregularidades do exercicio 3: Alega que tanto os guantes de cuero como os de máxima protección contra el corte podían ser elixibles para as labores de desbroce; que na mesa non existía ningún pantalón de desbroce, solo un pantalón de máxima protección contra el corte adecuado para motoserres; que os cascos de protección solo son necesarios si hai risco de caída de obxectos encima da cabeza; que os mandís non son considerados EPIs para a tarefa de desbroce; e que non especificábase si había que elixir os EPIs completos para a tarefa ou os adecuados dos dispoñibles para dita tarefa.

Desestimase dita alegación. Segun instrucións do SPRL do Concello de Vigo, no manexo de desbrozadora se usan luvas antivibración, e o RD 1076/2021 di que se deben usar luvas antivibración co uso de ferramentas guiadas a man. Si disponiase, entre os posibles a elixir, dun pantalón de desbroce adecuado a dita tarefa. O uso do casco de seguridade resulta obrigatorio durante os traballos de desbroce polo risco de proxección de partículas durante a realización desa tarefa. En canto os mandís, non foi valorada sua elección na puntuación do exercicio ó non considerarse EPI. Finalmente, considerase que o enunciado do exercicio era claro e conciso, consistente en elixir dentre os EPIs que se expoñían na mesa, os obrigatorios para a realización dun trabalo de desbroce.

- Desestimase a alegación da “irracional valoración de los puntos establecidos por cada ejercicio”, como respecto al tiempo dispoñible para sua ejecución, ó carecer de motivación algunha, xa que corresponde ó órgano de selección fixar tanto o contido do exercicio como as condicións e termos nos que debera acometerse, establecendo, entre outros, o tempo para sua realización, as puntuacións de cada suposto (desglosado por tarefas), e os criterios a ter en conta para sua valoración, como así consta efectuouse no presente exercicio práctico.

Acordo publicado na paxina web do concello de Vigo en data 24 de abril do 2026.

Segundo.- Con data de entrada no rexistro xeral do 4 de maio do 2026, interpúxose por Victor Gonzalez Cortegoso, Recurso de Alzada contra dito acordo desestimatorio das alegacións presentadas, solicitando a anulación do proceso selectivo completo e sua repetición cun tribunal distinto, o alegar irregularidades nos exercicios 2º e 3º.

Manifesta que no desenvolvemento da proba do 2º exercicio o tribunal non pode establecer un orden de execución das tarefas do exercicio impediendo a continuación en este, incluso cando as primeiras accións sexan necesarias e de non realizarse impidan acceder as seguintes tarefas as cuales requiren dun orden lineal.

No que respecta o exercicio 3º, manifesta que atendendo o disposto no Real Decreto 1076/2021, de 7 de diciembre, que modifica o Real Decreto 773/1997, de 30 de mayo, sobre disposiciones mínimas de seguridad y salud relativas a la utilización por los trabajadores de equipos de protección individual, o sinalado no documento “Medidas de seguridad na utilización da desbrozadora do Concello de Vigo” del curso “Riscos e medidas preventivas asociadas ao uso da desbrozadora, cortacésped, cortasetos e desbrozadora - OFICIAIS DE INSTALACIÓNS” organizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, e polo ISSGA (Instituto de Seguridad e Saúde Laboral de Galicia) en su documento de “epis para el puesto de trabajo en el sector forestal”, conclue que *de todos los EPIs que estaban encima de la mesa, los únicos que son obligatorios para tareas de desbroce son los guantes de protección mecánica, el peto y las orejeras.*

S.ord. 10/07/2026



En data 23/05/2026 formula, igualmente, recurso de alzada respecto o persoal de apoio designado e sua falta de publicación.

Terceiro.- Publicado en data 7/05/2026, anuncio da interposición do presente recurso de alzada a efectos do disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, formulouse alegacións por Jorge Martinez Alonso, solicitando a desestimación íntegra do recurso.

Consideracións xurídicas.

Primeiro.- Procede admitir a trámite os recursos de alzada interpostos en data 4 e 23 de maio do 2026 por Victor Gonzalez Cortegoso canto se fan en tempo e forma establecido nos arts. 121 e 122 da LPACAP.

O art. 121.1 da LPACAP establece que as resolucións e actos a que refírese o art. 121,1 cando non pongan fin á vía administrativa, poderán ser recurridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os dito. A este efectos, os tribunais e órganos e selección do persoal ó servizo das Administracións públicas e calesquera outros que, no seno destas, actúen con autonomía funcional, se consideraran dependentes do órgano ó que estean adscritos o, no seu defecto, do que haia nomeado ó presidente dos mesmos.

O recurso de alzada constitúe un medio de impugnación das resolucións administrativas e de determinados actos de trámite, cando estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos. Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder interpoñer este recurso que estes actos ou resolucións incorran en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se de algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 47 e 48 LPACAP.

Segundo.-Alegacións.

I.- Recurso alzada de data 4/05/2026:

a) Alegacións ó 2º suposto práctico do exercicio: O recurrente manifesta irregularidades do exercicio ó non existir un enunciado por escrito; establecerse un orden de execución das tarefas, e impedirse realizar as seguintes do exercicio.

Dacordo co disposto no artigo 55 do TREBEP os procesos selectivos desenvolveranse de conformidade cos principios de independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección ademais de obxectividade e transparencia, o que implica necesariamente dotar aos Tribunais cualificadores da competencia para adoptar os criterios necesarios para interpretar, integrar, e aplicar as bases da convocatoria.

As Bases xerais rectoras que rixen o presente proceso selectivo para á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (BOPPO do 30 de agosto do 2024), dispoñe na súa base décima- Sistema de Selección que no exercicio práctico o órgano de selección poderá propoñer os casos prácticos que se sinalen nas bases específicas de cada convocatoria, sempre relacionados coas materias do temario, e con base neles, establecer a súa duración, sen prexuízo do que poida establecerse





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

nas bases específicas. Así mesmo, cando as características deste exercicio requira o uso de lexislación, non se permitirá o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Os criterios para a súa avaliación, deberán ser fixados polo órgano de selección e comunicados ás persoas aspirantes antes de se iniciar o exame, e constar na correspondente acta.

E nas bases específicas sinalase, respecto o Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que proporá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

Neste caso o exercicio realizado axustouse o previsto nas bases, sendo facultade do organo de selección establecer o contido do caso práctico a realizar polos aspirantes, os termos nos que este deba desenvolverse, os criterios para a valoración da proba e a puntuación a otorgar. O enunciado dos supostos prácticos no que consistio o exercicio, como os criterios de valoración e puntuación, figuran na correspondente acta e foille facilitada dita información os aspirantes no momento da súa realización. Consecuentemente, a teor do reflexado no enunciado do exercicio 2º e tal como xa se repostou por este organo de selección as alegacións presentadas polo recurrente ó respecto, *no enunciado limitábase a sinalar a orde de realización(Debera proceder en primer lugar a preparar el ensamblaje de la tubería de cobre, a continuación la de multicapa y, por ultimo, proceder a la unión de ambas tuberías) polo tanto, non dispoñía que non puidera continuarse coa seguinte tarefa, sen rematar a anterior, o que por outra banda, fixeron outros aspirantes durante a realización da proba, seguindo a orde establecida.*

Consecuentemente procede desestimar a alegación, o non considerar que se incurriu na realización da proba en infracción algunha das bases nin da normativa de aplicación.

b).- Alegacións ó 3º suposto práctico do exercicio.

O recurrente manifesta súa disconformidade co valoración do exercicio, considerando que consonte o establecido no anexo do RD 1076/2021, os EPIs sinalados como correctos polo organo de selección non eran os obrigatorios. Así alega que en traballos forestais e de xardinería se indica a utilización de guantes de protección mecánica, sendo estes obrigatorios e non os de antivibración; que o casco con pantalla facial que estaba dispoñible na mesa non é obrigatorio, sendo o de pantalla facial simple; que a utilización do casco é unicamente en traballos forestais no sector forestal; que tanto as botas como os zapatos que estaban dispoñibles podían ser elexibles o non especificar o regulamento que deba ser obrigatorio a protección dos tobillos con botas de caña alta; e que os pantalons anticorte que estaban dispoñibles non son obrigatorios, o requirirse unicamente en traballos forestais no sector forestal sin incluír os desbroces de xardinería.

O RD 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde realíva a utilización por los traballadores de equipos de protección individual (modificado por RD 1076/2021) o que refírese o recurrente, reflicta no seus anexos II e III unha lista non exhaustiva tanto dos equipos de protección individual en relación cos riscos contra os que se protexe, como das actividades e sectores de actividades que poden requirir a utilización destes equipos, defiriendo á avaliación de riscos, a determinación da necesidade de suministrar os EPI e súas características. Polo tanto, tal e como dispoñese no RD 773/1997, corresponde o empresario determinar os postos de traballo nos que deba recurrirse a protección individual,

S.ord. 10/07/2026



o risco para os que deba protexerse, as partes do corpo a protexer e o tipo de equipos de protección que utilizaranse, que efectuarase mediante o análisis e avaliación dos riscos.

Por outra banda, no ano 2009, o SPRL informou os servizos municipais dos EPIs a utilizar polo persoal do Concello en diversos traballos a realizar, sendo esta unha información de carácter interno, que non consta publicada, e que se tivo en conta na valoración da proba.

O suposto terceiro ten relación co tema 13 do programa específico, *Seguridade e saúde laboral. Normas básicas sobre medidas de seguridade. Manexo Correcto da cargas, identificación dos equipos de protección individual*. E así mesmo, co tema 2. *Conservación e mantemento de parques e xardíns: ferramentas utilizadas, podas e fertilización*(...). Neste senso, resulta irrelevante a distinción que pretende facer o recorrente entre os traballos forestais e os de xardinería/ silvicultura, para xustificar os Epis a elixir, xa que no enunciado do suposto deste limitase a sinalar “*realización de un traballo de desbroce*”, sen máis concreción, e o tema 2 refírese a conservación e mantemento de parques e xardíns, onde se acometen igualmente labores de desbroce de maleza, matorrais ou árbores de pequeno diámetro, entre outros, cos conseguíntes riscos que ello poder xenerar a seguridade do traballador por posibles golpes, cortes, proxeccións etc.

Atendendo a ditas consideracións, o órgano de selección resolve o seguinte respecto o alegado polo recorrente:

- Guantes: Os guantes de protección contra vibracións son referidos polo SPRL para a utilización de equipos de traballo que transmiten vibracións (desbrozadora), e o RD 773/1997 establece no seu anexo III, con carácter xeral, os de protección mecánica para as labores de xardinería. Polo tanto, tendo en conta que a información do SPRL é de carácter interno (para o persoal do Concello), e o RD 773/1997 contempla con carácter xeral a utilización dos de protección mecánica para esas labores, resolve estimar dita alegación e considerar ambos guantes adecuados para os traballos de desbroce, dando por válidos a elección destes no suposto.

- Pantalla facial e casco: Desestimase dita alegación, xa que o suposto consistía na elección dos EPIs para traballos de desbroce, dentre os que figuraban expostos, e neste caso, só existía unha pantalla facial (obrigatoria para a realización destes traballos) que se atopaba integrada nun casco con orexeras, resultando polo tanto a súa elección a única resposta válida. En canto o casco, como indicouse, formaba parte do EPI con a pantalla facial, sendo necesario para traballos de uso de desbrozadora (según o SRPL) ou polo risco de proxección de obxectos (RD 773/1997).

- Calzado: Estimase a alegación. O ser ambos calzados expostos adecuados para os traballos de desbroce, o non diferenciarse entre caña alta ou baixa, dáse por válidos a elección de ambos no suposto.

- Pantalóns: Desestimase dita alegación, xa que para a realización destes traballos estimase necesario a utilización de peto protector con protección (SRPL) ou pantalóns resistentes ós cortes nos traballos forestais (RD 773/1997).

II.- Recurso alzada de data 23/05/2026:

En resposta o alegado sobre o persoal de apoio, e no que respecta o órgano de selección, procede sinalar que dito persoal non é nomeado por dito órgano de selección nin forma par-





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

te do mesmo, sendo un persoal de axuda e apoio para o desenvolvemento do proceso selectivo, sen participación nas deliberacións nin avaliacións deste. Consecuentemente, ó non tratarse dunha resolución ou acto ditado polo órgano de selección, non é de aplicación o previsto nas Base xeral 8.4.1 e 8.4.5 en materia de recursos contra as resolucións e actos que se adopten por este, nin respecto a publicidade que deba realizarse das súas actuacións. Finalmente, en canto a recusación prevista na Base xeral 8.4.4, limitase aos membros do órgano de selección, condición esta que non ten o persoal de apoio designado. Desestimase as alegacións presentadas o respecto.

Informar, que de ditas alegacións douselle traslado ó departamento de RRHH.

Terceiro- Por todo ello procede estimar parcialmente o recurso de alzada de data 4 de maio do 2026 no que refírese os EPIS (guantes e calzado) do 3º suposto práctico do exercicio, desestimando as demais alegacións formuladas os supostos prácticos 2º e 3º do exercicio e, igualmente, o recurso de alzada do 23 de maio do 2026, ó non concorrer causa algunha de nulidade ou anulabilidade (arts. 47 e 48 LPACAP).

Consecuentemente, o órgano de selección propoñe a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Admitir os recursos de alzada interposto por Victor Gonzalez Cortegoso, en datas 4 e 23 de maio do 2026 , contra o acordo do órgano de selección do 16/04/2026 .

SEGUNDO.- Estimar parcialmente o recurso de alzada de data 4/05/2026 interposto por Victor Gonzalez Cortegoso, no que refírese os EPIS (guantes e calzado) do tercer suposto práctico do segundo exercicio da oposición, en base as motivacións expostas no apartado segundo das consideracións xurídicas.

TERCEIRO. – Desestimar, no demais, os recursos de alzada do 4 e 23 de maio do 2026, interposto por Victor Gonzalez Cortegoso contra o acordo do órgano de selección do 16/04/2026, en base as motivacións expostas no apartado segundo das consideracións xurídicas.

CUARTO.- Notificar a presente resolución o recorrente con indicación de que, contra ámesma, non poderá interpoñer novamente recurso administrativo, podendo impugnala, no seu caso, mediante recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á notificación do mesmo, nos termos que establece a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(594).- ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2019/2202.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/07/2026, asinado pola dúas técnicas de prevención de Riscos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada, que di o seguinte:

S.ord. 10/07/2026



I. OBXECTO

Emítase o presente informe-proposta co fin de continuar a tramitación da actualización do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, código SPPRL-PPRL, xuño 2026, edición 03, unha vez realizado o trámite de consulta documental respecto da actualización material do Anexo I, relativo á relación de centros de traballo.

A presente proposta fórmase para a súa elevación á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para a aprobación da actualización do Plan, se procede.

II. ANTECEDENTES

Primeiro. O Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo foi aprobado no ano 2010 e forma parte do sistema de xestión preventiva municipal.

Segundo. No ano 2024 tramitouse unha actualización do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, código SPPRL-PPRL, edición 02, data abril de 2024, que foi sometida a consulta da representación do persoal, dos delegados e delegadas de prevención e do Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

Terceiro. A dita tramitación non chegou a finalizar coa aprobación da actualización do Plan, permanecendo pendente a súa continuidade no expediente 2019/2202.

Cuarto. No marco das actuacións derivadas do requirimento da Inspección de Traballo e Seguridade Social e da sentenza ditada no procedemento de conflito colectivo 53/2025, acordouse impulsar con urxencia a actualización do Plan de Prevención, co fin de dar resposta documental ao requirimento inspector e deixar constancia do avance efectivo da tramitación.

Quinto. Desde o Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais revisouse a versión xa traballada e consultada en 2024, incorporando unicamente a actualización material do Anexo I, relativo á relación de centros de traballo, para axustalo á realidade municipal actual.

A edición 03 mantén o contido da edición 02 xa sometida a consulta, agás no relativo á dita actualización material do Anexo I.

Sexto. Mediante dilixencia de data 05/06/2026, remitiuse a edición 03 para trámite de consulta documental, limitado aos extremos modificados respecto da edición 02, isto é, á actualización material do Anexo I relativo á relación de centros de traballo.

O trámite de consulta documental foi remitido¹ mediante NNT á Xunta de Persoal, ao Comité de Empresa, aos delegados e delegadas de prevención e ao Comité de Seguridade e Saúde Laboral, a través da súa Secretaría, para os efectos previstos na Lei 31/1995 e no Regulamento de funcionamento do CSSL.

¹ DOC:260141077->7019 (Delegados prevención); DOC:260141078->701 (COMITÉ E SINDICATOS); DOC:260141079->110 (SECRETARÍA XERAL)





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

Sétimo. O prazo de consulta conferido foi de quince días, contado desde o día seguinte ao da recepción da comunicación.

Transcorrido o prazo, non consta no expediente que a Xunta de Persoal, o Comité de Empresa, os delegados e delegadas de prevención ou o Comité de Seguridade e Saúde Laboral emitisen, dentro do prazo conferido, acordo, informe ou observación respecto da actualización material do Anexo I, sen prexuízo da achega presentada pola sección sindical CIG, que se incorpora e valora no presente informe.

Oitavo. Durante o trámite de consulta presentouse escrito da sección sindical CIG, documento 260177574, no que se reitera a solicitude de inclusión da Xerencia Municipal de Urbanismo no ámbito do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo.

A dita cuestión xa foi obxecto de análise específica no expediente 2195/2202, mediante informe do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais de data 05/06/2026. No dito informe conclúese que non procede estimar a solicitude nos termos formulados, ao exceder dunha simple modificación formal do Plan de Prevención e afectar á organización preventiva aplicable ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Noveno. Con posterioridade ao remate do prazo de consulta, tivo entrada o documento DOC. 260182279, presentado polos delegados e delegadas de prevención, con data de sinatura 30/06/2026 e entrada o 01/07/2026, relativo á solicitude de inclusión da Xerencia Municipal de Urbanismo no Anexo I e no ámbito do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo.

O dito escrito preséntase fóra do prazo conferido, que rematou o 29/06/2026. Non obstante, incorpórase ao expediente para constancia, sen que determine a modificación da edición 03 sometida a consulta nin altere a continuidade da tramitación, ao reiterar substancialmente unha cuestión xa analizada no informe do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais de data 05/06/2026, emitido no expediente 2195/2202, e valorada no presente informe-proposta.

III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TÉCNICO-PREVENTIVOS

Para os efectos da presente proposta tense en conta a seguinte normativa:

- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en particular os artigos 14, 16, 18, 33, 36, 38 e 39, relativos ao dereito á protección eficaz, integración da prevención, Plan de Prevención, información, consulta e participación do persoal traballador, delegados e delegadas de prevención e Comité de Seguridade e Saúde.
- Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, en particular os artigos 1, 2 e concordantes, relativos á integración da prevención no sistema xeral de xestión e ao contido do Plan de Prevención.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e normativa de réxime local aplicable aos municipios de gran poboación, en canto ao réxime de organización e competencias dos órganos municipais.

S.ord. 10/07/2026



- Acordos e resolucións municipais vixentes en materia de organización, delegación de competencias e funcionamento dos órganos municipais.
- Regulamento de funcionamento do Comité de Seguridade e Saúde Laboral do Concello de Vigo, aprobado en 2013, en particular os artigos relativos ao obxecto e definición do CSSL, estrutura e composición, competencias e facultades, funcións da Presidencia e da Secretaría, réxime de convocatoria e sesións, adopción de acordos e aprobación do regulamento.
- Estatutos do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, texto refundido publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 6 de outubro de 2010.

IV. VALORACIÓN DO TRÁMITE DE CONSULTA

A consulta realizada na presente fase limitouse á actualización material do Anexo I da edición 03, relativo á relación de centros de traballo, por ser este o único extremo modificado respecto da edición 02 xa sometida a consulta.

O documento completo foi remitido para facilitar a súa identificación, trazabilidade e contraste coa edición 02, sen que iso supoña a reapertura do conxunto do Plan de Prevención xa consultado no ano 2024.

A remisión ao Comité de Seguridade e Saúde Laboral efectuouse como órgano paritario e colexiado de participación e consulta en materia preventiva, de conformidade cos artigos 38 e 39 da Lei 31/1995 e co seu Regulamento de funcionamento. A consulta documental foi remitida ao Comité de Seguridade e Saúde Laboral a través da súa Secretaría, conforme ao previsto na dilixencia de remisión. Transcorrido o prazo conferido, non consta no expediente acordo, informe ou observación emitido polo CSSL como órgano colexiado.

En relación co escrito presentado pola sección sindical CIG, relativo á inclusión da Xerencia Municipal de Urbanismo, debe indicarse que, aínda que a alegación se formula no marco do trámite de consulta da actualización material do Anexo I, a súa estimación excedería dunha simple alta, baixa ou modificación de centros de traballo. A incorporación solicitada comportaría recoñecer a inclusión da Xerencia Municipal de Urbanismo e do seu persoal no ámbito subxectivo do Plan de Prevención do Concello de Vigo, así como no ámbito funcional do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais, cuestión que afecta á modalidade de organización preventiva aplicable ao dito organismo autónomo.

A inclusión da Xerencia Municipal de Urbanismo no ámbito do Plan de Prevención do Concello de Vigo non constitúe unha simple actualización da relación de centros de traballo. Trátase dunha cuestión que afecta á organización preventiva aplicable ao dito organismo autónomo, ao ámbito funcional do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais e á modalidade de organización preventiva que, no seu caso, proceda determinar polos órganos competentes respecto da Xerencia Municipal de Urbanismo.

A dita cuestión xa foi analizada no informe do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais de data 05/06/2026, incorporado ao expediente 2195/2202, no que se conclúe que non procede estimar a solicitude da CIG nos termos formulados.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

A presentación extemporánea do escrito dos delegados e delegadas de prevención, DOC. 260182279, non altera a valoración anterior, ao reiterar substancialmente a mesma cuestión relativa á inclusión da Xerencia Municipal de Urbanismo no Anexo I e no ámbito do Plan de Prevención. En consecuencia, tampouco determina modificación da edición 03 nin impide continuar a tramitación para a súa elevación á Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, a alegación presentada non determina modificación da edición 03 do Plan de Prevención sometida a consulta, sen prexuízo de que a determinación ou modificación da modalidade de organización preventiva aplicable á Xerencia Municipal de Urbanismo poida ser abordada, de ser o caso, polos órganos competentes respecto do dito organismo autónomo, mediante o expediente que proceda.

V. DOCUMENTACIÓN QUE SE INCORPORA

Incorpórase ao expediente, para os efectos da súa toma en consideración, a seguinte documentación:

- Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo. Código SPPRL-PPRL. Xuño 2026. Edición 03.
- Dilixencia de remisión para consulta documental da edición 03.
- Escrito presentado pola sección sindical CIG durante o trámite de consulta, documento 260177574.
- Informe do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais de data 05/06/2026, emitido no expediente 2195/2202, relativo á solicitude da CIG sobre a inclusión da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Estatutos do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, texto refundido publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 6 de outubro de 2010.
- Escrito presentado polos delegados e delegadas de prevención, DOC. 260182279, con entrada o 01/07/2026, relativo á solicitude de inclusión da Xerencia Municipal de Urbanismo no Anexo I e no ámbito do Plan de Prevención, incorporado ao expediente para constancia por terse presentado fóra do prazo conferido.

VI. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade co disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e, de ser o caso, co artigo 127.1.n) da mesma lei, considérase competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación da actualización do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, ao tratarse dun instrumento de integración da actividade preventiva no sistema xeral de xestión municipal, vinculado á organización preventiva e á materia de persoal.

A proposta elévase pola concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación, no ámbito das competencias delegadas en materia de prevención de riscos laborais, coa conformidade da xefa da Área de RRHH e Formación.

VII. RÉXIME DE RECURSOS

O acordo que adopte a Xunta de Goberno Local pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 52.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

S.ord. 10/07/2026



Contra o dito acordo poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, segundo proceda.

VIII. PROPOSTA DE ACORDO

Á vista dos antecedentes expostos, do trámite de consulta realizado, da documentación incorporada e da valoración efectuada, considérase procedente continuar a tramitación da edición 03 do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo e elevar proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Tomar coñecemento das actuacións realizadas no expediente 2019/2202 para a actualización do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, código SPPRL-PPRL, xuño 2026, edición 03.

Segundo. Tomar coñecemento do trámite de consulta documental realizado respecto da edición 03 do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, limitado á actualización material do Anexo I relativo á relación de centros de traballo, ao ser este o único extremo modificado respecto da edición 02 xa sometida a consulta, mediante remisión á Xunta de Persoal, Comité de Empresa, delegados e delegadas de prevención e Comité de Seguridade e Saúde Laboral, a través da súa Secretaría.

Terceiro. Deixar constancia de que, durante o trámite de consulta, non consta acordo ou informe emitido polo Comité de Seguridade e Saúde Laboral como órgano colexiado, sen prexuízo das achegas presentadas polas representacións ou organizacións sindicais que se incorporan e valoran no expediente.

Cuarto. Tomar coñecemento dos escritos incorporados ao expediente en relación co trámite de consulta e, en particular, do escrito presentado pola sección sindical CIG de data 26/06/2026, DOC. 260177574, relativo á solicitude de inclusión da Xerencia Municipal de Urbanismo no ámbito do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, así como do escrito presentado fóra de prazo polos delegados e delegadas de prevención, DOC. 260182279, con entrada o 01/07/2026, que reitera substancialmente igual cuestión.

Quinto. Non estimar a alegación formulada pola sección sindical CIG nin a solicitude presentada fóra de prazo polos delegados e delegadas de prevención, nos termos nos que foron presentadas, de conformidade co informe emitido polo Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais de data 05/06/2026 no expediente 2195/2202, ao exceder dunha simple actualización material do Anexo I e afectar á delimitación do ámbito subxectivo do Plan de Prevención, ao ámbito funcional do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais e á modalidade de organización preventiva aplicable ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Sexto. Deixar constancia de que a non inclusión da Xerencia Municipal de Urbanismo na edición 03 do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo non supón desatender a prevención de riscos laborais do seu persoal, senón que a determinación ou modi-





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

ficación da modalidade de organización preventiva aplicable ao dito organismo autónomo debe ser abordada, de ser o caso, polos órganos competentes respecto deste, conforme á Lei 31/1995, ao Real Decreto 39/1997 e ao seu réxime estatutario.

Sétimo. Aprobar a actualización do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, código SPPRL-PPRL, xuño 2026, edición 03, incorporada ao expediente 2019/2202.

Oitavo. Dispoñer a incorporación do Plan aprobado ao expediente 2019/2202 e a súa difusión interna polos medios corporativos que procedan, para o seu coñecemento e aplicación no ámbito municipal.

Noveno. Dar traslado do presente acordo ao Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais, á Área de RRHH e Formación, á Xunta de Persoal, ao Comité de Empresa, aos delegados e delegadas de prevención, ao Comité de Seguridade e Saúde Laboral e á sección sindical CIG, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Décimo. Dar traslado do presente acordo e do Plan aprobado á Asesoría Xurídica Municipal e, de ser necesario, á Inspección de Traballo e Seguridade Social, para constancia das actuacións realizadas en relación coa actualización do Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos os dous prazos desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, segundo proceda, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñerse recurso potestativo de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

O que se informa e propón para os efectos oportunos, salvo mellor criterio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(595).- PRÓRROGA DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO DA FEMP PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS, DIVIDIDOS EN LOTES: LOTE 10 “SEGURO DE ACCIDENTES PARA AS PERSOAS VOLUNTARIAS DE PROTECCIÓN CIVIL”. EXPTE. 1266/214.

Visto o informe xurídico de data 30/06/2026 e o informe de fiscalización do 30/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/06/2026, asinado polo xefe de

S.ord. 10/07/2026



Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMA/TIVA DE APLICACIÓN.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polas que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea en materia de contratación pública en determinados sectores; seguro privado; plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e do litixio tributario

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Concello de Vigo adheriuse á Central de Contratación da FEMP por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo, XGL) de 17 de febreiro de 2022, central que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.

Segundo.- A FEMP, a través da citada Central de Contratación, licitou en beneficio dos seus asociados e entes dependentes o Acordo Marco de seguros, dividido en lotes por tipoloxía de entidade local e ramo de seguros, en base a uns Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e os Pregos de Prescricións Técnicas (PPT); procedemento no cal a FEMP observou todos os requisitos e procedementos exixibles á contratación das Administracións Públicas, seguindo por tanto a LCSP.

Dito Acordo Marco adxudicouse en todos os seus Lotes con data do 29 de outubro do 2024, formalizándose o 28 de novembro de 2024.

O Acordo Marco ten unha vixencia en todos os seus lotes de dous (2) anos e podrá ser obxecto de prórrogas anuais de doce (12) meses cada unha, sucesivas, por mutuo acordo, antes da finalización do mesmo. Non obstante, a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas partes hasta un máximo de seis (6) meses.

Terceiro.- Finalizado o procedemento de licitación, resultaron como adxudicatarias as seguintes empresas:

LOTES	Adjudicatarios
LOTE 1. Seguro de daños materiales para Entidades Locales y entes dependientes con ran-	OCCIDENT GCO SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

go inferior o igual a 10.000 habitantes.	MGS SEGUROS Y REASEGUROS SA
	CAJA DE SEGUROS REUNIDOS COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA
LOTE 2. Seguro de daños materiales para Entidades Locales y entes dependientes con rango superior a 10.000 habitantes.	OCCIDENT GCO SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS
	ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA
	CAJA DE SEGUROS REUNIDOS COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA
LOTE 3. Seguro de responsabilidad civil patrimonial para Entidades Locales y entes dependientes con rango inferior o igual 20.000 habitantes.	ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA
LOTE 4. Seguro de responsabilidad civil patrimonial para Entidades Locales y entes dependientes con rango comprendido entre los 20.001 y los 50.000 habitantes.	ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA
LOTE 5. Seguro de responsabilidad civil patrimonial para Entidades Locales y entes dependientes con rango superior a los 50.000 habitantes.	ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA
LOTE 6. Seguro de responsabilidad civil de altos cargos y personal al servicio de la administración pública local.	ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA
	AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA
	LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE SUC. EN ESPAÑA
LOTE 7. Seguro de responsabilidad de los órganos de administración y dirección, así como del personal de las empresas públicas.	ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA
	AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA

S.ord. 10/07/2026



	LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE SUC. EN ESPAÑA
LOTE 8. Seguro de responsabilidad civil profesional de los técnicos de la Administración.	W. R. BERKLEY EUROPE AG SUCURSAL EN ESPAÑA
LOTE 9. Seguro colectivo de vida para las entidades locales y entes dependientes.	ZURICH VIDA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA
	ORIZON UNDERWRITERS SL
	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA
LOTE 10. Seguro colectivo de accidentes para las entidades locales, organismos autónomos y entes dependientes.	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA
	MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA
	AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA
LOTE 11. Seguro para flotas de vehículos para las entidades locales, organismos autónomos y entes dependientes.	ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA
	OCCIDENT GCO SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS
	FIATC-MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS
LOTE 12. Seguro para flotas de empresas municipales de Transportes.	FIATC-MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS

Cuarto.- Con base no citado Acordo Marco, o Concello de Vigo pode suscribir o correspondente contrato baseado con unha das empresas adxudicatarias do mesmo, segundo o Lote 10 cuxo obxecto comprenderá a contratación dos seguros referidos en no Acordo Marco, nas condicións que se fixan no PCA e no PPT.





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

Quinto.- En data 29/05/2025 foi enviado o Documento de Invitación ás adxudicatarias do lote 10 de dito Acordo Marco (SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA, MARKEL INSURANCE DE SUCURSAL EN ESPAÑA E AIG EUROPE S.A. SUCURSAL EN ESPAÑA).

Con fecha 11/07/2025 comunicouse a adxudicación do contrato a SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA a través da plataforma informática da Central de Contratación.

Sexto.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/07/2025 Expte 1266/214 foi acordada a adhesión á póliza de seguro obxecto de prórroga, con cargo á aplicación orzamentaria e importe seguintes:

1350/2260400 - POLIZA SEGURO PARA VOLUNTARIOS : 1.155,90 euros.

A duración do contrato, segundo o disposto na resolución de adxudicación, é de un (1) ano, podendo prorrogar por un (1) ano adicional . Segundo consta en comunicación electrónica da adxudicataria do contrato SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA, de data 12/06/2026, consta conformidade coa prórroga do contrato para o período 12/07/2026 – 11/07/2027, nº póliza 20250720366046.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da prórroga dos contratos baseados

O PCA do Acordo Marco prevé na súa cláusula 21.4 regula a duración dos contratos baseados que os Contratos baseados poderán adxudicarse durante a vixencia do presente Acordo Marco, incluídas as súas prórrogas, e terán unha duración de doce meses, podendo ser obxecto de dous prórrogas de doce meses cada unha. Polo tanto, a duración máxima dos Contratos baseados será de trinta e seis meses ou tres anos, incluíndo posibles prórrogas.

No entanto, o anterior, os Contratos baseados que se adxudiquen no terceiro e cuarto ano de vixencia do Acordo Marco (no caso de que resultará prorrogado) terán unha duración de doce meses podendo ser obxecto dunha única prórroga de doce meses, polo que a súa duración máxima será de vinte e catro meses ou 2 anos. Os Contratos baseados non poderán incluír revisión de prezos. A duración mínima de 12 meses do contrato baseado poderá reducirse até os 9 meses, a condición de que a Entidade contratante soliciteo vía aclaración de ofertas (artigo 221.3 LCSP), e conte coa conformidade da adxudicataria. As prórrogas tramitaranse conforme ao 29.2 da LCSP.

En consonancia co disposto na cláusula 6 do presente Prego, só poderán adxudicarse Contratos baseados nun Acordo Marco durante a vixencia do Acordo Marco. A data relevante para entender que se cumpriu este requisito será a de adxudicación do Contrato baseado. No caso de que a Entidade Local requira ao adxudicatario para que complete a súa oferta nos termos previstos no artigo 221.3 da LCSP, a data relevante será a do envío de devandito requirimento.

S.ord. 10/07/2026



De conformidade co indicado na referida cláusula 21.4 do PCAP, os lotes deste contrato son susceptibles de prórroga por un ano adicional.

As condicións que deberán rexer esta prórroga serán as mesmas que as do Contrato baseado e manteranse inalterables durante toda a vixencia da prórroga, tal e como se establece no PCA.

-II-

Competencia

A prórroga dos contratos correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación da prórroga do contrato, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP) e certificado existencia de crédito e fiscalización previa Intervención Xeral.

-III-

Proposta de acordo

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- *Prorrogar polo período de 1 ano dende o 12 de xullo do 2026 ata as 24 horas do 11 de xullo do 2027-o seguinte contrato baseado, suscrito mediante adhesión ao Acordo Marco de Seguros da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)“:*

- *Lote 10: SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA LAS ENTIDADES LOCALES, ORGANISMOS AUTÓNOMOS Y ENTES DEPENDIENTES , con cargo á aplicación orzamentaria e importe seguinte: 1350/2260400 : POLIZA SEGURO PARA VOLUNTARIOS : 1.155,90 euros.*

Segundo.- *Comunicar esta resolución ás empresas adxudicatarias a través da plataforma informática da Central de Contratación, dispoñendo a súa publicación no perfil do contratante do Concello de Vigo, xunto coa súa notificación conforme ao establecido na LCSP“*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(596).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN MAYEUSIS PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA CONEXIÓNS VIGO 2026. EXPTE. 6711/330.

Visto o informe xurídico do 28/06/2026 e o informe de fiscalización do 01/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/06/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado, a





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da entrada na sede electrónica municipal o 10 de xuño do 2026, a Fundación Mayeusis presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do “Programa Conexións Vigo 2026” ; por este motivo, por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 60.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.26 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A “**FUNDACIÓN MAYEUSIS**” é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de interés galego e cultural que, desenvolve e promove a música y demais linguaxes artísticas como ferramenta de transferencia dos valores para mellorar a sociedade.

PROGRAMACIÓN:

A programación prevé 34 espectáculos en diferentes formatos,

- Formato Cámara (De 2 a 5 artistas)
- Formato grupo (De 6 a 12 artistas)
- Gran Formato (De 12 a 50 artistas)

Ofreceranse cinco tipos de programación musical :Clásico, folk-tradicional, jazz y música moderna, danza e artes escénicas e espectáculos conexións

O peche do programa está previsto co IV Certame Conexións que terá lugar en setembro do 2026, pendiente de concretar.

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 66.000 € (SESENTA E SEIS MIL EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 60.000 €
- Achega da entidade: 6.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social

S.ord. 10/07/2026



- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio, presentado na sede electrónica o día 16.06.2026 (doc.260148961)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Fundación Mayeusis”, para o financiamento do programa “Conexións Vigo 2026”, obxecto deste convenio, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). Se ven no citado PES se recolle un importe de 70.000,00 €, neste exercicio está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario Neste exercicio 2026 está previsto nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario do 23 de decembro de 2025, na aplicación 3340.480.00.26, cun importe, segundo a proposta, de 60.000,00 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: *“Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.*

Dende esta xefatura acredítase que a diminución do importe da subvención nominativa prevista a favor da Fundación Mayeusis, CIF G36842490, pasando dos 70.000 € previstos inicialmente no PES aos 60.000 € incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2026, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que o resto de compoñentes da liña de subvención teñan variado. O programa subvencionado segue a ser o mesmo: O programa “Conexións Vigo 2026” que organiza a entidade beneficiaria da subvención.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Fundación Mayeusis” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do





CONCELLO DE VIGO

Expte.2124 /1102

programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Mayeusis” ten como obxecto o financiamento do Programa Conexións Vigo 2025, figurando na aplicación **3340.480.00.26** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 60.000 €, a favor da devandita entidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

S.ord. 10/07/2026



De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Mayeysis” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 60.000 € (sesenta mil euros) á Fundación Mayeysis, CIF. G-36842490, para o financiamento do programa Conexións Vigo 2026, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.26 “FUNDACIÓN MAYEYSIS. PROGRAMA CONEXIÓN VIGO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a “Fundación Mayeysis” que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa conexións Vigo 2026”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





Concello de Vigo

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN MAYEUSIS”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA CONEXIÓNS VIGO 2026

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. Felipe Estévez Vila, na súa condición de presidente da Fundación Mayeuis (CIF: G-36842490) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social na rúa Areal 138, da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a “FUNDACIÓN MAYEUSIS” é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de interés galego e cultural que, desenvolve e promove a música y demais linguaxes artísticas como ferramenta de transferencia dos valores para mellorar a sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “FUNDACIÓN MAYEUSIS”, como medio que é de promover a cultura musical na cidade.

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.26, como subvención nominativa, a favor de **FUNDACIÓN MAYEUSIS, PROGRAMA CONEXIÓNS VIGO**, a cantidade de 60.000 euros.*

*IV.- Que a **FUNDACIÓN MAYEUSIS** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.



De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa CONEXIÓNS VIGO 2026, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 66.000 € (SESENTA E SEIS MIL EUROS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 60.000 €
- Achega da entidade: 6000 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A programación prevé 34 espectáculos en diferentes formatos,

- . Formato Cámara (De 2 a 5 artistas)
- . Formato grupo (De 6 a 12 artistas)
- . Gran Formato (De 12 a 50 artistas)

Ofreceranse cinco tipos de programación musical :Clásico, folk-tradicional, jazz y música moderna, danza e artes escénicas e espectáculos conexións

O peche do programa está previsto co IV Certame Conexións que terá lugar en setembro do 2026, pendiente de concretar.

O programa de actividades Conexións Vigo 2026 é o seguinte:





Concello de Vigo

AXENDA CONEXIÓNS 2026.

MES	DIA	HORA	EVENTO	INTERPRETA	LUGAR	
MAYO	19/05 Martes	11:30	CNXS FOLK		Príncipe (Marco)	
MAYO	21/05 Jueves	12:00	CNXS CLÁSICO		Mercado de Teis	
MAYO	22/05 Viernes	12:00	CNXS Artes Escénicas		Praza de A Pedra	
MAYO	22/05 Viernes	19:30	CNXS Moderno DIXIE		Paseo de Alfonso	
MAYO	26/05 Martes	12:00	CNXS Clásico		Alameda de Bouzas	
MAYO	28/05 Jueves	12:00	CNXS Moderno DIXIE		Praza do Emigrante	
MAYO	31/05 Domingo	12:30	CNXS VOZ		Paseo de Alfonso	
JUNIO	02/06 Martes	12:00	CNXS FOLK		Praza de Independencia	
JUNIO	4/06 Jueves	12:00	CNXS FOLK		Mercado del Calvario	
JUNIO	05/06 Viernes	12:00	CNXS Moderno DIXIE		Príncipe Zona Marco	
JUNIO	06/06 Sábado	19:30	CNXS Folk		Paseo de Alfonso	
JUNIO	6/06 Sábado	19:00	CNXS BIG BAND		Villa Solita	
JUNIO	7/06 Domingo	12:30	CNXS MEDIEVAL		Auditorio Fund Mayeusis	
JUNIO	9/06 Martes	12:00	CNXS CLÁSICO		Ronda de D. Bosco	
JUNIO	11/06 Jueves	12:00	CNXS Folk		Mercado de Teis	
JUNIO	14/06 Domingo	12:00	CNXS Art Escénicas PITIMINI		Navia	
JUNIO	16/06 Martes	12:00	CNXS Folk		Porta do Sol	

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 20/07/2026 13:13:38

Documento asinado



Data sinatura: 20/07/2026 CSV: A1B6BD-C2512H-82DF5F-295HG4-K1G8ZS-FD Verificable en www.vigo.org/csv 2124-1102 Aprobado por XGL 17/07/2026

MES	DIA	HORA	EVENTO	INTERPRETA	LUGAR	
JUNIO	18/06 Jueves	12:00	CNXS Moderno DIXIE		Miragaia/ R. de Castro	
JUNIO	20/06 Sábado	19:00	CNXS Art Escénicas PITIMINI		Parque de Castrelos	
JUNIO	21/06 Domingo	12:00	CNXS FOLK Banda de Gaitas		Porta do Sol	
JUNIO	23/06 Martes	12:00	CNXS FOLK		Praza da Pedra	
JUNIO	25/06 Jueves	12:00	CNXS Clásico		Alameda de Bouzas	
JUNIO	27/06 SABADO	12:30	CNXS VOZ		Paseo de Alfonso	
JUNIO	27/06 SABADO	19:30	CNXS MODERNO SICIXIA		Paseo de Alfonso	
JUNIO	30/06 MARTES	12:00	CNXS VOZ		Mercado do Calvario	
SETEMBRO	06/09 Domingo	12:30	CNXS MODERNO SICIXIA		BARRIOS CABRAL	
SETEMBRO	06/09 Domingo	12:30	CNXS MEDIEVAL		IGREXA ROMÁNICA	CORUXO
SETEMBRO	08/09 Martes	12:00	CNXS CLÁSICO		Peatonal Calvario	
SETEMBRO	10/09 Jueves	12:00	CNXS Artes Escénicas		Praza Independencia	
SETEMBRO	13/09 Domingo	12:30	CNXS CLÁSICO		BARRIOS MATAMÁ	
SETEMBRO	13/09 Domingo	12:30	CNXS MEDIEVAL		IGREXA ROMÁNICA	CASTRELOS
SETEMBRO	15/09 Martes	12:00	CNXS FOLK		Paseo de Bouzas	
SETEMBRO	17/09 Jueves	12:00	CNXS MODERNO		Praza de Compostela	
SETEMBRO	20/09 Domingo	12:30	CNXS MEDIEVAL		IGREXA ROMÁNICA	BEMBRIVE





Concello de Vigo

MES	DIA	HORA	EVENTO	INTERPRETA	LUGAR	
SETEMBRO	26/27 Sábado Domingo	12:30	IV ENCUENTRO CONEXIÓNS		POR DEFINIR	

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Felipe Estévez Vila, presidente da entidade.

2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto deste convenio e na concesión da subvención.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

7.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

8.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de



Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. **Incorpórase ao expediente póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento do mesmo.**

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (60.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Redactarase un acta de constitución desta comisión mixta que será asinada por ambas partes. Así mesmo, de selo caso, levantarase un acta de cada reunión da comisión na que figuren os temas tratados e acordados na mesma.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos orzamentos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.





Concello de Vigo

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas polo Servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará ao Servizo de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro delegado de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranza a totali-



dade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as





Concello de Vigo

condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.
- **A conta xustificativa dos gastos presentarse segundo o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo:** <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=4443&lang=ga>, coa relación clasificada de gastos e con todos os datos solicitados cubertos (número de factura, proveedor, concepto, importe, data de emisión...). Non se aceptarán contas xustificativas que non se presenten no citado modelo.
- Os pagos en efectivo límitanse até un importe máximo de 1.000 € ou ben ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento, pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo proveedor, non aceptándose sen a sinatura do proveedor.
- No seu caso, aportarase memoria explicativa sobre as posibles desviacións respecto ao orzamento inicial da actividade, segundo o artigo 72.2.a) do RD 887/2006.
- Naqueles gastos onde a cobertura exceda do marco temporal subvencionable, debe-rase aplicar o principio de devindicación, realizando os axustes proporcionais que co-respondan.

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o**



contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Cultura.

Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.





Concello de Vigo

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos



correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideren incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.





Concello de Vigo

ORZAMENTO 2026

ORZAMENTO CONEXIÓNS&VIGO. 2026

GASTOS :

1)PARTIDA PRODUCCION ARTISTICA CONTIDOS: 37.000.-€

&ENSAIOS
&DIRECCION ARTISTICA
&HONORARIOS ARTISTAS
&COMPOSICIÓNS&ARRANXOS
&OUTROS

2)PARTIDA PRODUCCION ESCENICA DO EVENTO : 5.000.-€

&ESPAGO: ALUGUER...LIMPEZA
&RIDERS TECNICOS: SONIDO, LUCES, TARIMAS
&ASISTENCIA TECNICA
&REXIDORÍA
&INSTRUMENTOS ALUGADOS
&DECORACIÓN ESCENICA: MONTAXE E DESMONTAXE
&OUTROS

3)PARTIDA PRODUCCIÓN LOXISTICA DO EVENTO: 4.000.-€

&TRANSPORTE, RESTAURACION, ALOXAMENTOS
&SEGURIDAD ACTO
&CONTROL DE ASISTENCIA, VIXILANCIA
&RESPONSABILIDADE CIVIL
&OUTROS

4)PARTIDA DISEÑO, IMAXEN E COMUNICACIÓN: 2000.-€

&WEB - RRSS
&DISEÑO IMAXEN
&COMUNICACION

5)PARTIDA PUBLICIDAD/PROMOCION :3.000.-€

&SOPORTES GRAFICOS Y DIGITALES
&DISTRIBUCIÓN
&OTROS

6)ADMINISTRACIÓN/XESTIÓN: 15.000.-€

&OFICINA TECNICA DE SEGUMENTO E ORGANIZACIÓN
&DIRECCION XENERAL E COORDINACIÓN

INGRESOS :

& APORTACION CONCELLO 60.000€
& APORTACIÓN FUNDACIÓN MAYEUSIS 600€
& TAQUILLA ESTIMADA

ORZAMENTO TOTAL:

GASTOS:	PROGRAMA CONEXIÓNS 2026	66000
INGRESOS	CONCELLO DE VIGO	60000
	FUNDACIÓN MAYEUSIS	6000

15(597).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS A FAVOR DA ENTIDADE SERVEO FACILITY MANAGEMENT, S.A. EN RELACIÓN CO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DE VIGO. EXPTE. 6/343.

Visto o informe xurídico do 18/06/2026 e o informe de fiscalización do 30/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/06/2026, asinado pola técnica de



Xestión, o técnico de Administración Xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra de data 13 de novembro de 2017, dispúxose o cese total da actividade de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finalizou o 31 de marzo de 2018; data na que se produciu a recepción de dita obra pública polo Concello de Vigo.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local en sesións celebradas os días 09.03.2018 e 27.03.2018 acordou: *“Dispoñer a continuación e non resolución, a partires do 31 de marzo de 2018, dos contratos de xestión integral do conxunto da obra pública Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias e da xestión integral do aparcadoiro sito na mesma, concertados por Pazo de Congresos de Vigo, S.A. o 1 de xaneiro de 2015 con Valoriza Facilities, S.A.U., ata o 31 de decembro de 2018 e dispoñer así mesmo que polos servizos da Área de Patrimonio e, de se lo caso, polos servizos da Área de Seguridade e Mobilidade se proceda a iniciar expediente para a adxudicación en procedemento de pública concorrência da contratación das prestacións obxecto dos mesmos.”*

Estes contratos de xestión integral serían.

- Contrato de prestación de servizos, asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U., o día 1 de xaneiro de 2015, para a xestión integral dos edificios do complexo Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias. A xestión integral comprende a supervisión, control e coordinación dos servizos, o mantemento das instalacións, a limpeza e a seguridade dos edificios. O prezo pactado no contrato é de 177.056,20 euros anuais, IVA non incluído, mais a prestación dos servizos no edificio da UNED, segundo addenda deste contrato, 24.389 euros na anualidade 2015. O contrato prevé un prazo inicial dun ano que rematou o 31 de decembro de 2015 e prórrogas sucesivas tácitas anuais, nas que o prezo revisarase conforme ao IPC.
- Contrato de prestación de servizos asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U. o día 1 de xaneiro de 2015, relativo á xestión integral do aparcadoiro público do Complexo do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo, xestión integral que comprende a supervisión, control e coordinación dos servizos, o mantemento das instalacións, a limpeza e a seguridade do aparcadoiro, e a atención e a operación do centro de cobro e a xestión dos caixeiros automáticos. O prezo pactado no contrato é de 35.932,59 euros anuais, IVA non incluído, actualmente tra-las actualizacións anuais do IPC. O contrato prevé un prazo inicial dun ano que rematou o 31 de decembro de 2015 e prórrogas sucesivas tácitas anuais, nas que o prezo revisarase conforme ao IPC.

Terceiro.- Dende o 8 de xullo de 2020, as competencias sobre a xestión do auditorio Mar de Vigo recaeron na Concellería de Patrimonio, non obstante, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 26.09.2025, delegouse na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes a aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congresos Mar de Vigo.

Cuarto.- Os días 13 e 14 de novembro de 2025, o concelleiro delegado da área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, previo informe xustificativo da necesidade e





Concello de Vigo

idoneidade, acordou iniciar o expediente administrativo para a contratación dos SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DO COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO. Expte. 8-343.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 22 de maio de 2026, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do servizo de MANTEMENTO INTEGRAL DO COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO, cun orzamento de licitación que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITO MIL DOUSCENTOS SESENTA E DOUS EUROS con CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.208.262,57 €).

Quinto.- Durante a vixencia dos devanditos contratos de prestación de servizos, a mercantil VALORIZA FACILITIES SA (A83709873) pasou a denominarse SACYR FACILITIES SA e actualmente, tal e como se desprende do informe asinado o día 26.05.2025 pola adxunta á Dirección de Ingresos, denomínase SERVEO FACILITY MANAGEMENT SA.

As facturas presentadas pendentes de abonar polos servizos prestados pola contratista e que constan no expediente administrativo, son as seguintes :

Data	NIF/CIF	Interesado	Periodo	Asunto	Importe
28/04/25	A83709873	SACYR FACILITIES S A U	ABRIL 2025	COMPLEXO AUDITORIO DE VIGO	23.264,66 €
28/04/25	A83709873	SACYR FACILITIES S A U	ABRIL 2025	APARCAMENTO AUDITORIO DE VIGO	2.553,58 €
28/04/25	A83709873	SACYR FACILITIES S A U	ABRIL 2025	EDIFICIO DE OFICINAS AUDITORIO DE VIGO	2.422,08 €
27/05/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	MAIO 2025	COMPLEXO AUDITORIO DE VIGO	23.436,77 €
27/05/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	MAIO 2025	EDIFICIO DE OFICINAS AUDITORIO DE VIGO	3.740,92 €
27/05/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	MAIO 2025	APARCAMENTO AUDITORIO DE VIGO	2.424,65 €
30/06/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	XUÑO 2025	EDIFICIO DE OFICINAS AUDITORIO DE VIGO	2.422,08 €
30/06/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	XUÑO 2025	COMPLEXO AUDITORIO DE VIGO	22.587,35 €
30/06/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	XUÑO 2025	EDIFICIO DE OFICINAS AUDITORIO DE VIGO	2.628,45 €
11/09/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	XULLO 2025	COMPLEXO AUDITORIO DE VIGO	28.629,70 €
11/09/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	XULLO 2025	APARCAMENTO AUDITORIO DE VIGO	3.202,45 €
11/09/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	XULLO 2025	EDIFICIO DE OFICINAS AUDITORIO DE VIGO	2.422,08 €
25/09/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	AGOSTO 2025	COMPLEXO AUDITORIO DE VIGO	22.864,56 €
25/09/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	AGOSTO 2025	APARCAMENTO AUDITORIO DE VIGO	2.403,85 €



Data	NIF/CIF	Interesado	Periodo	Asunto	Importe
25/09/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	AGOSTO 2025	EDIFICIO DE OFICINAS AUDITORIO DE VIGO	2.422,08 €
29/09/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	SETEMBRO 2025	EDIFICIO DE OFICINAS AUDITORIO DE VIGO	2.422,08 €
29/09/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	SETEMBRO 2025	COMPLEXO AUDITORIO DE VIGO	23.094,18 €
29/09/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	SETEMBRO 2025	APARCAMENTO AUDITO- RIO DE VIGO	2.408,01 €
03/11/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	OCTUBRE 2025	COMPLEXO AUDITORIO DE VIGO	23.081,19 €
03/11/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	OCTUBRE 2025	EDIFICIO DE OFICINAS AUDITORIO DE VIGO	6.642,31 €
03/11/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	OCTUBRE 2025	APARCAMENTO AUDITO- RIO DE VIGO	3.304,68 €
12/12/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	NOVIEMBRE 2025	APARCAMENTO AUDITO- RIO DE VIGO	8.142,90 €
12/12/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	NOVIEMBRE 2025	COMPLEXO AUDITORIO DE VIGO	23.003,77 €
12/12/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	NOVIEMBRE 2025	EDIFICIO DE OFICINAS AUDITORIO DE VIGO	2.422,08 €
17/12/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	DECEMBRO 2025	EDIFICIO DE OFICINAS AUDITORIO DE VIGO	2.422,08 €
17/12/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	DECEMBRO 2025	COMPLEXO AUDITORIO DE VIGO	23.715,03 €
17/12/25	A83709873	SERVEO FACILITY MANAGENENT S A U	DECEMBRO 2025	APARCAMENTO AUDITO- RIO DE VIGO	2.586,86 €
TOTAL					270.670,43 €

Sexto.- Consta no expediente administrativo xustificación e especificación dos custos efectivos incorridos pola mercantil SERVEO FACILITY MANAGEMENT, S.A., durante o período comprendido entre o 01.04.2025 ao 31.12.2025, e os correspondentes informes asinados pola enxeñeira técnica industrial e polo xefe da Área de Servizos Xerais dos días 12.03.2026 e 18.06.2026, manifestando a súa conformidade cos servizos prestados e co importe das devanditas facturas, sinalando que os custos xustificados e especificados pola dita mercantil non son superiores aos prezos de mercado.

Sétimo.- Nos orzamentos do Concello de Vigo para o exercicio 2026 existe crédito adecuado e suficiente para afrontar o devandito gasto ao que se refire o presente expediente, na aplicación orzamentaria 9330 227 9902, e no exercicio do ano 2025, tamén existía crédito adecuado para facer fronte ao dito gasto.

Oitavo.- Atopándose en licitación o contrato de xestión integral do Complexo Mar de Vigo, calcúlase como tempo necesario para finalizar o proceso de licitación alomenos 4 meses, xa que se trata dun contrato suxeito a regulación harmonizada, polo que a suposta falta de





Concello de Vigo

cobertura contractual de seguir prestándose o servizo acadaría ata aproximadamente outubro de 2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Normativa de aplicación

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Contrato de prestación de servizos, asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U., o 1 de xaneiro de 2015, para a xestión integral dos edificios do complexo Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias.
- Contrato de prestación de servizos asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U. o 1 de xaneiro de 2015, relativo á xestión integral do aparcadoiro público do Complexo do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Informe número 1415 del Tribunal de Cuentas: "*Informe de fiscalización de los expedientes de reconocimientos extrajudiciales de crédito aprobados por las entidades locales en el ejercicio 2018*" aprobado polo Pleno do Tribunal de Cuentas na sesión de 22 de decembro de 2020 (en adiante Informe 1415 TC).
- Base 28 das de execución dos orzamentos 2026 do Concello de Vigo

II.- Procedemento e competencia

O Tribunal de Cuentas define os REC como "(...) un instrumento que posibilita a aplicación ao orzamento de obrigacións derivadas de compromisos de gastos de exercicios anteriores que non foron debidamente adquiridos", advertindo, non obstante que "(...) a pesar da abundancia de normas relativas a diferentes aspectos da actividade económico-financeira das entidades locais, non existe unha normativa reguladora desta figura, cuxo uso se constatou frecuente nas entidades locais." e continúa coa afirmación de que "O recoñecemento extraxudicial non é senón o instrumento que habilita a imputación ao orzamento da obrigación do pago da indemnización a quen materialmente realizou de boa fe as prestacións en favor da Administración, tanto se se tramita a revisión de oficio, coma se, por concorrer as circunstancias que a exclúen conforme aos arts. 110 da LPAC e 28.2.e) do RCI, óptase polo pago directo das prestacións materialmente realizadas."

Trátase, polo tanto, de gastos nos que o acredor realizou correctamente unha prestación por mandato e con pleno coñecemento e consentimento dos responsables técnicos e/ou políticos da entidade local, a pesar de non ter cobertura no expediente de contratación -



mesmo con ausencia total de crédito orzamentario-, e en consecuencia a entidade local debe de proceder a un recoñecemento extraxudicial de crédito para poder imputar a orzamento o pago en virtude da correcta aplicación da doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto ou sen causa, evitando deste xeito o correlativo empobrecemento do contratista que realizou os traballos encomendados e que ten dereito a percibir a contraprestación correspondente.

En canto á competencia, existindo consignación orzamentaria, segundo Base 28 dos orzamentos corresponde á Xunta de goberno Local. O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, determina que nos municipios de gran poboación corresponderá ao órgano titular do departamento ou da concellaría de área ao que pertenza o órgano responsable da tramitación do expediente, acordar, no seu caso, o sometemento do asunto á Xunta de Goberno Local para que adopte a resolución procedente .

En virtude do disposto no apartado segundo do artigo 6 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, polo que se deberán prestar a debida colaboración e apoio aos funcionarios encargados da realización do control, formúlase á Xunta de goberno local, unha vez emitidos os correspondentes informes xurídicos e de fiscalización, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer e liquidar as obrigas municipais para con SERVEO FACILITY MANAGEMENT, S.A. (A83709873), anteriormente denominada SACYR FACILITIES SA (A83709873) a consecuencia da prestación do servizo de mantemento integral do edificio da UNED, auditorio municipal (espazos comúns) e aparcadoiro no período comprendido entre o 01.04.2025 ao 31.12.2025, e aprobar a indemnización substitutiva de gastos a favor de dita entidade por un importe total de 270.670,43 euros.

Segundo.- Ordenar o pago a favor de SERVEO FACILITY MANAGEMENT, S.A. (A83709873), polo importe de 270.670,43 euros con cargo á aplicación orzamentaria 9330 227 9902, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

Así mesmo, a secretaria-concelleira da Xunta de Goberno Local da conta do informado pola titular da Asesoría Xurídica e secretaria de Goberno Local trala consulta fomulada pola Presidencia da Xunta de Goberno, primeira tentente de Alcaldía e secretaria-concelleira da Xunta do Goberno Local en relación con punto 15 da orde do día da Xunta do Goberno Local do 10/07/2026 que literalmente dí *“Consultado o expediente, o informe da Intervención Xeral do 30/06/2026 conclúe:*

“V.- Conclusións.

Primeira.- Como consecuencia das 27 facturas presentadas pola entidade Serveo Facility Management, S.A. ás que se refire o presente expediente, xustificativas da prestación pola citada entidade do Servizo de mantemento integral do Complexo do Auditorio do Concello de Vigo, edificio de oficinas e aparcamento situados no mesmo inmovble, polo período comprendido entre o 01/04/2025 e o 31/12/2025 por un importe total de 270.670,43 euros, así como dos informes que obran no expediente, de conformidade co disposto no artigo 28.2 e) do RDCI, esta intervención entende que procede aprobar unha indemnización polo citado





Concello de Vigo

importe a favor da citada entidade polos danos e prexuízos causados á mesma derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor, ou de incumprir a obrigaón ao seu cargo.

Segunda.- Para o pago da citada indemnización existe crédito orzamentario adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 9330.2279902 do estado de gastos dos vixentes orzamentos municipais.

Terceira.- O acordo propónse ao órgano competente para a súa aprobación conforme ao disposto na base 28ª de execución dos orzamentos do Concello de Vigo que regula o procedemento de indemnización substitutiva de gastos e recoñecemento extraxudicial de créditos, que establece a competencia da Xunta de Goberno Local cando nos orzamentos existe crédito adecuado e suficiente. Con todo, e seguindo a doutrina do Tribunal de Contas, recoméndase a modificación das Bases de Execución dos Orzamentos de modo que se estableza a designación do Pleno como órgano competente para a aprobación dos REC en todo caso, como máximo órgano da entidade e responsable de autorizar a imputación a orzamento destas obrigacións.

Cuarta.- En definitiva, a xuízo desta intervención, para a aprobación e pago das facturas ás que se refire o presente expediente procede a tramitación e aprobación, polo órgano competente, dun expediente de Recoñecemento extraxudicial de créditos, acudindo á vía de indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor, ou de incumprir a obrigaón ao seu cargo, sen prexuízo da esixencia das posibles responsabilidades derivadas dos incumprimentos da LTAIPBG, do TRLCSP ou da normativa orzamentaria de aplicación, que se concretan fundamentalmente no compromiso de obrigacións adquiridas sen cobertura contractual”.

En consecuencia, de acordo coas precitadas conclusións, resulta, por unha banda “esta intervención entende que procede aprobar unha indemnización polo citado importe a favor da citada entidade polos danos e prexuízos causados á mesma derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto no seu favor, ou de incumprir a obrigaón ao seu cargo”, pero tamén advirte “para a aprobación e pago das facturas ás que se refire o presente expediente procede a tramitación e aprobación, polo órgano competente, dun expediente de Recoñecemento extraxudicial de créditos”, “sen prexuízo da esixencia das posibles responsabilidades derivadas dos incumprimentos da LTAIPBG, do TRLCSP ou da normativa orzamentaria de aplicación, que se concretan fundamentalmente no compromiso de obrigacións adquiridas sen cobertura contractual”.

Polo que, sen prexuízo de que este acordo sexa adoitado pola XGL, á vista da advertencia da Intervención Municipal relativa aos “posibles incumprimentos da LTAIPBG, do TRLCSP ou da normativa orzamentaria de aplicación, que se concretan fundamentalmente no compromiso de obrigacións adquiridas sen cobertura contractual.” recoméndase á Xunta do Goberno Local que no acordo que se adoite se atenda a advertencia da Intervención Municipal e se solicite ao servizo xestor a realización das comprobacións e actuacións que procedan para coñecer as circunstancias que deron lugar a este expediente con carácter previo a iniciar o oportuno procedemento, consonte ao disposto no art. 55 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”.



ACORDO

A Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aproba a proposta contida no informe-proposta do 18/06/2026, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Administración Xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno,

Segundo.- Solicitar ao servizo xestor a realización das comprobacións e actuacións que procedan para coñecer as circunstancias que deron lugar a este expediente con carácter previo a iniciar o oportuno procedemento, consonte ao disposto no art. 55 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Adxudicación da contratación das obras do duodécimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. Expte.12967/307.
- .- Nomeamento interino de vinte bombeiros e catro conductores bombeiros, con cargo a prazas vacantes para o servizo de extinción de incendios. expte. 49017/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

16(598).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO DUODÉCIMO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. Expte.12967/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.





Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización de data 09/07/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do Duodécimo Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (12967-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do Duodécimo Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (12967-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de maio de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da DAS OBRAS DO XII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Alejandro Luis Sánchez.

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos o 14 de abril de 2026.

3º.- Autorizar o gasto total de DOUSCENTOS DEZAOITO MIL CENTO VINTE E SEIS EUROS E TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (218.126,35 euros) sendo o importe correspondente ao IVE de TRINTA E SETE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (37.856,64 EUROS) con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente (RC 12026000021934).

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 3 de xullo de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do



Duodécimo Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (12967-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, o día 3 de xullo de 2026, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social, o nomeamento do seu representante e a súa clasificación, así como, no caso do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TXSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C, subgrupo 4, categoría 2) presentan a clasificación Grupo C, subgrupo 4, categoría 5.
- Seguro de caución por un importe de 8.900,82 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 9 de xullo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta,





Concello de Vigo

acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 11 e 30 de xuño de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola concelleira da área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 30 de xuño de 2026 de DECOR VALLES 2000, SL, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola xefa da unidade de Patrimonio Histórico o 23 de xuño de 2026:

Segundo.- Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA o procedemento aberto para a contratación das obras do Duodécimo Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (12967-307) por un prezo total do contrato de 215.399,77 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.383,43 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(599).- NOMEAMENTO INTERINO DE VINTE BOMBEIROS E CATRO CONDUCTORES BOMBEIROS, CON CARGO A PRAZAS VACANTES PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. Expte. 49017/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 09/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/07/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Consta no expediente informe de data 07/05/2026, emitido pola xefatura do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (en adiante SPEIS) e conformado pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 25/09/2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025) sobre as necesidades e urxencia para a cobertura temporal de prazas vacantes estruturais do SPEIS mediante nomeamento de persoal funcionario interino, onde se indica (transcrición literal):

“O Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) constitúe un servizo público esencial, directamente vinculado á protección da vida, integridade das persoas e bens, cuxa prestación require a dispoñibilidade permanente de efectivos operativos.

Mediante acordos da Xunta de Goberno Local de datas 29/12/2023, 13/12/2024 e 19/12/2025 aprobáronse as Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2023, 2024 e 2025, nas que se inclúen prazas de bombeiro, condutor-bombeiro e cabos, actualmente en fase de execución.

En referencia ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 realizouse a revisión integral e aprobación os criterios de xestión das listas de reserva de persoal interino e temporal do Concello de Vigo, que establecen o marco organizativo para a cobertura temporal de necesidades de persoal, esixindo a concorrencia de supostos de necesidade urxente e inaprazable e a aplicación de criterios de selección baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade.

No momento actual, o SPEIS presenta dificultades de cobertura efectiva das gardas derivadas da existencia prazas vacantes estruturais do servizo e da concorrencia de ausencias ordinarias, o que incide directamente na organización do servizo e na súa capacidade operativa (...).

A concorrencia de extrema urxencia queda acreditada polos seguintes elementos obxectivos:





Concello de Vigo

- Existencia de prazas vacantes estruturais do servizo, incluídas as derivadas das Ofertas de Emprego Público 2023-2024-2025 sen cobertura efectiva inmediata e das situacións de promoción interna derivadas dos procesos selectivos correspondentes ás OEP 2020-2021-2022.
- Necesidade de garantir a configuración operativa das gardas e a estrutura de mando do servizo.
- Incidencia simultánea de ausencias ordinarias (vacacións, permisos, incapacidade temporal) que reducen a dispoñibilidade efectiva de persoal.
- Necesidade de asegurar a capacidade de resposta inmediata ante situacións de emerxencia.
- Risco certo de afectación á seguridade das intervencións en caso de dotacións insuficientes.

A situación descrita presenta carácter estrutural no curto prazo, pero con manifestación inmediata na operatividade diaria do servizo, concorrendo circunstancias que impiden a súa demora ata a resolución definitiva dos procesos selectivos en curso, polo que a cobertura temporal das prazas resulta imprescindible para garantir a continuidade do servizo en condicións de seguridade”.

No informe citado consta a seguinte solicitude expresa:

“-Servizo solicitante: D. M. E. P., Nº 85408, en calidade de Subxefe do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

-Modalidade de nomeamento: Persoal Interino como cobertura de vacantes na actual RPT en referencia ao informe da Área de Recursos Humanos e Formación 260099271 sobre as vacantes correspondentes ás Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2023, 2024 e 2025.

-Período temporal solicitado: Cobertura provisional ata a celebración dos correspondentes procesos selectivos das Ofertas de Emprego Público para os anos 2023, 2024 e 2025, acordadas en Xunta de Goberno Local de datas 29/12/2023, 13/12/2024 e 19/12/2025.

-Motivación da solicitude: Segundo os criterios de xestión de listas de reserva específicas do acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 29 de agosto de 2025 sobre a Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva do concello de Vigo (Exp. 45860/220)”

II.- En data 28/05/2026 polo órgano municipal competente procedeuse a ordenar a incoación de expediente administrativo (trámite 14) dispoñendo a tramitación que resulte procedente conforme á normativa vixente e tendo en conta a prioridade na dotación do SPEIS, previa verificación da taxa de temporalidade a data actual.

III.-Consta no expediente informe de data 04/05/2025 (tramite-7) as prazas incluídas nas OEP-23 (aprobada pola XGL de data 19/12/23 e rectificada por acordo de data 12/04/24), OEP-24 (aprobada pola XGL de data 13/12/24) e OEP-25 (aprobada tamén pola XGL de data 19/12/2025), as cales, en síntese, son as seguintes:

PAZAS / OEP	2023	2024	2025	TOTAL
BOMBEIRO/A	10	6	4	20
CONDUCTOR/A BOMBEIROA		2	2	4

IV.- Igualmente consta anexo ao expediente solicitude de informe (SIF) de data 05/06/2026 (trámite 19) onde, no seu punto terceiro se recolle o seguinte:



“Terceiro.- Segundo os datos obrantes no sistema de información corporativo Ginpix7 do Concello de Vigo, referidos á situación existente en data 01/06/2026, constan ocupados un total de 1.029 postos de traballo municipais, dos cales 55 están desempeñados por persoal funcionario interino, o que representa unha taxa de temporalidade do 5,34 %.

Así mesmo, a normativa vixente en materia de redución da temporalidade no emprego público establece como referencia unha taxa máxima de temporalidade do 8 %, polo que resulta necesario valorar calquera proposta de nomeamento interino atendendo tanto ás necesidades organizativas efectivamente acreditadas como ao impacto que a mesma poida ter sobre os indicadores de temporalidade da organización municipal”.

V.- No expediente de referencia consta dilixencia de constancia de data 19/06/2026 (trámite 111) das listaxes de reserva vacantes de bombeiros/as e condutores/as-bombeiros/as indicando as persoas ás que corresponde o chamamento.

De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto, constando a continuación anotación nos casos nos que procede emenda parcial dalgún dos documentos achegados:

Bombeiros/as, vacantes no SPEIS:

	NOME	APELIDO	DNI
1	A.	Guerreiro Mato	***4415**
2	R.	Corchero Morais	***9424**
3	F.	De La Puente Martín	***3287**
4	R.	Soliño Gándara	***9143**
5	R.	Pena García	***9908**
6	A.	Juncal Moreira	***2286**
7	J. L.	Oubiña Allo	***8049**
8	D.	Álvarez Souto	***8783**
9	M.	Santodomingo Lafuente	***9387**
10	J.	Rodríguez Llorca	***7564**
11	M.	Fidalgo Oitavén	***0447**
12	J.	Giráldez Otero	***8211**
13	A.	Sánchez Sánchez	***0303**
14	B.	Comesaña Lago	***7311**
15	F.	Loira Reboiras	***6065**
16	D.	Rodríguez Davila	***9979**
17	R.	Barral Noya	***0566**





Concello de Vigo

18	M.	Veiras Mosquera	***6546**
19	M.	Landeira Pérez	***8516**
20	D.	Martínez González*	***6041**

*Anotacións en relación coa documentación presentada:

- D. Martínez González: Achega documento de identidade con data vencida (03/05/2026), xustificante de solicitude de renovación (08/07/2026) e carne de condución aos efectos da súa identificación complementaria; polo que procederase a comprobación do seu DNI unha vez conste renovado.

Condutores/as bombeiros/as, vacantes no SPEIS:

	NOME	APELIDO	DNI
1	M.	Falque Crespo	***9981**
2	P.	Regueira Martínez	***8437**
3	A.	Sendín Lama*	***6534**
4	M.	Seijas Rodríguez	***8023**

*Anotacións en relación coa documentación presentada:

- A. Sendín Lama: achega informe de datos actualizados da DGT de data 28/03/2024, polo que deberá achegar o carné de conducir previamente a súa toma de posesión.

VI.-Consta tamén no trámite 120 do expediente de referencia informe de cuantificación económica do gasto correspondente a 20 prazas bombeiro/a e 4 de condutores/as-bombeiros/as no ano 2026, o cal se reproduce:

"En relación coa solicitude de informe de cuantificación económica do gasto correspondente a 20 prazas bombeiro/a e 4 de condutores/as-bombeiros/as no ano 2026, informase:

Custo Anual

Cod	Posto	Gr	CD	CE	Basicas imp anual	CD imp, anual	CE imp. Anual	Seg Soc Anual (aprox)
132	Bombeiro	C2	16	304	10.480,42 €	6.128,22 €	24.672,48 €	15.000,00 €
133	Conductor Bombeiro	C2	16	304	10.480,42 €	6.128,22 €	24.672,48 €	15.000,00 €

Cod	Posto	nº	Retrib	Seg Soc (aprox)	Total
132	Bombeiro	20	825.622,40 €	300.000,00 €	1.125.622,40 €
133	Conductor Bombeiro	4	165.124,48 €	60.000,00 €	225.124,48 €
	Total postos	24		Imp. total	1.350.746,88 €

En consecuencia, e ao abeiro do establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do ROF, procédese á emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.



I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. As corporacións locais aprobarán e publicarán anualmente, no prazo dun mes desde a aprobación do seu orzamento, a oferta de emprego público correspondente ao ano de que se trate, axustándose á lexislación básica do Estado en materia de función pública e aos criterios que se establezan regulamentariamente en desenvolvemento da normativa básica estatal para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das administracións públicas”.
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“o procedemento de selección do persoal funcionario da Administración local axustarase á lexislación básica do Estado en materia de función pública e establecerase tendo en conta a relación entre o tipo de probas que deban superarse e a adecuación aos postos de traballo que se vaian desempeñar, incluíndo para tal efecto as probas prácticas que sexan precisas.*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- “(...) das tan extensas citas xurisprudenciais cómpre reter tres ideas básicas: 1.ª) cabe unha interpretación integradora da normativa básica estatal e da lexislación autonómica de desenvolvemento; en todo caso, esta última só resulta aplicable ás entidades locais unha vez excluída a lexislación estatal, que opera como dereito supletorio de primeiro grao; (...).Pero tampouco pode esquecerse que, como sinalan os recorrentes, de conformidade co disposto no artigo 3.2 do Real decreto lexislativo 1/2008, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia; no artigo 168 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; e na disposición derradeira primeira da Lei 7/2007, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, en relación coa regulación da función pública local, resulta de aplicación preferente a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica en materia de función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a STJG de 15 de febreiro de 2017 establece que:

“(..) segundo o disposto no artigo 3.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (...) «O persoal funcionario das entidades locais réxese pola lexislación estatal que resulte de aplicación, da que forma parte este Estatuto, e pola lexislación das comunidades autónomas, con respecto á autonomía local», o que evidencia, ao mesmo tem-





Concello de Vigo

po, tanto a prevalencia da normativa estatal na regulación desta materia como a recondución da función pública local ao réxime xeral da función pública.

Así mesmo, iso supón que a función pública local debe integrarse no ordenamento da función pública desenvolvido ao abeiro do bloque da constitucionalidade configurado arredor do artigo 149.1.18.^a da Constitución”.

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta.

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa “a existencia de prazas vacantes, cando no sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos, nos términos previstos no apartado 4” (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “os procedementos de selección do persoal funcionario interino serán públicos e rexeranse, en todo caso, polos principios de igualdade, mérito, capacidade e celeridade, e terán por finalidade a cobertura inmediata do posto de traballo. O nomeamento derivado destes procedementos de selección non dará lugar, en ningún caso, ao recoñecemento da condición de persoal funcionario de carreira”.

O concreto apartado 4 citado recolle que “(...) no suposto previsto no apartado 1.a) as prazas vacantes desempeñadas por persoal funcionario interino deberán ser obxecto de cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión o mobilidade previstos na normativa de cada Administración Pública.”

Non obstante, transcorridos tres anos desde o nomeamento do persoal funcionario interino producirase a extinción da relación de interinidade, e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira, agás que o correspondente proceso selectivo quede deserto, caso en que poderá efectuarse un novo nomeamento de persoal funcionario interino.

Excepcionalmente, o persoal funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente, sempre que a correspondente convocatoria se publicase dentro do prazo de tres anos contados desde a data do seu nomeamento. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cesamento dea lugar a compensación económica.

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais delo, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente suposto, e efectuado o correspondente estudo, debe deixarse constancia expresa da ausencia de regulación legal específica da figura do “funcionario interino en prácticas”, tanto ao longo do articulado do TREBEP e das súas sucesivas modificacións ata a data actual, como da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e normativa de concordante e procedente aplicación; sendo non obstante a regulación do estatuto dos funcionarios públicos competencia exclusiva do Estado segundo o artigo 149.1. 18^a da Consti-



tución de 1978; e operando o principio de reserva de lei do artigo 9.3, e considerada a existencia de previsión constitucional expresa realizada polo lexislador constitucional no artigo 103.3 da Norma Suprema.

Certo é que entidades locais como o Ayuntamiento de Vitoria-Gasteiz recorren a esta clase de figura -o funcionario interino en prácticas- pero sempre suxeita á previa previsión expresa nas bases reitoras das convocatorias de procesos de selección de persoal.

Á vista do exposto e da ausencia de previsión específica ao respecto nas bases das convocatorias do Concello de Vigo, e dende a perspectiva estritamente xurídica, estímase por quen subscribe, en garantía da plena seguridade xurídica do nomeamento interino, a inviabilidade de nomeamento de funcionarios interinos en prácticas, estimándose, en todo caso, o axuste a Dereito do nomeamento interino na modalidade legalmente prevista no artigo 10.1, letra a) en relación co 10.4 da dita norma (funcionario interino con cargo a praza vacante en plantilla) susceptible de suxeición á condición resolutoria de inescusable superación de curso teórico-práctico, nos termos do establecido no artigo 1113 do Código Civil -rama do Dereito supletoria, en segundo ou ulterior grao, ao Dereito Administrativo, previa a correspondente autointegración consonte ao previsto no artigo 4.3 da propia codificación referenciada, co alcance contemplado en STS do 22 de xaneiro de 2020 (Sala do contencioso-administrativo, rec.1159/2015)-.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 19/12/2025 (Exp 45859-220) e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase aos postos de traballo tipo de Bombeiro (código 132) e Conductor-Bombeiro (código 133) aplicándose o réxime retributivo dos funcionarios en prácticas con carácter analóxico -ao abeiro do disposto no artigo 4,1 do Código Civil – recollido no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro, pola que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, que no seu artigo 1 contempla que:

“...Quen, a partir da entrada en vigor deste real decreto, se atope en período de prácticas ou estea a realizar os cursos selectivos previstos no artigo 22 do Real decreto 2223/1984, do 19 de decembro, será nomeado persoal funcionario en prácticas e percibirá unhas retribucións equivalentes ao soldo e ás pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o corpo ou escala no que aspire a ingresar.

Non obstante, se as prácticas se realizan desempeñando un posto de traballo, o importe anterior incrementarase coas retribucións complementarias correspondentes a ese posto de traballo, e as retribucións resultantes serán aboadas polo departamento ministerial ou organismo público ao que estea adscrito o citado posto de traballo”

O nomeamento que se efectúe estará suxeito á condición resolutoria consistente na obriga de superación inescusable do curso teórico-práctico establecido pola xefatura do servizo de destino, deixando constancia expresa de que, de acreditarse a non superación, procederá a declaración do cese no percibo de retribucións como funcionario interino en prácticas ao abeiro do previsto no artigo 3 do Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro.





Concello de Vigo

De acreditarse a superación do curso, procederase a acordar polo órgano competente, e previa a proposta ao efecto, a percepción das retribucións correspondentes aos funcionarios interinos -sen a aplicación analóxica do réxime retributivo en prácticas- ata a provisión definitiva da praza interinamente cuberta, e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e demais disposicións concordantes.

Non obstante o anterior, a xornada, horarios, quendas de traballo e réxime de descansos do persoal adscrito ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) rexeranse polos acordos específicos da Xunta de Goberno Local vixentes en cada momento para este servizo, así como polas súas modificacións ou disposicións de desenvolvemento que poidan aprobarse. Deben considerarse, en todo caso, as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.



Sendo patentes as necesidades de persoal nun colectivo tan esencial para o servizo público como é o asignado á actividade de extinción de incendios e salvamento, e sendo un feito certo que a normativa vixente permite a xubilación anticipada voluntaria dos funcionarios do dito colectivo (co impacto que elo supón na xestión de plantillas) considérase que no expediente queda suficientemente acreditada a necesidade de nomeamento obxecto de proposta.

V.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

- “1. A función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos das entidades locais e dos seus organismos autónomos que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigas ou gastos de contido económico, así como os ingresos e pagamentos que daqueles se deriven, e a recadación, investimento e aplicación, en xeral, dos fondos públicos administrados, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.
- 2. O exercicio da citada función comprenderá:
 - a) A intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos ou valores.
 - b) A intervención formal da ordenación do pagamento.
 - c) A intervención material do pagamento.
 - d) A intervención e comprobación material dos investimentos e da aplicación das subvencións”.

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de resolución da Alcaldía de data 25/09/2025; e acordo da Xunta de Goberno Local de 7/11/2025)

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 24 funcionarios interinos con obriga de superación de curso preceptivo teórico-práctico, nos termos e condicións seguintes:

- *Categoría profesional: 20 Bombeiros/as (subgrupo C2) .*
- *Categoría profesional: 4 Conductores/as-Bombeiros (subgrupo C2)*
- *Modalidade legal: funcionario interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP) establecendo a obriga de realización de curso preceptivo de carácter teórico-práctico consonte ao previsto no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro.*





Concello de Vigo

- *Destino: Área de Seguridade, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.*
- *Período temporal: o presente nomeamento realízase suxeito a condición resolutoria, consistente na obriga de superación inescusable do curso teórico-práctico establecido pola xefatura do servizo de destino. De acreditarse a non superación, procederá a declaración do cese no percibo de retribucións correspondentes ao abeiro do previsto no artigo 3 do Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro. Unha vez acreditada a superación do curso, procederase a acordar, polo órgano competente e previa proposta ao efecto, a percepción das retribucións correspondentes aos funcionarios interinos ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.*
- *Custe económico: o asociado ás 20 prazas vacantes de bombeiro/a e 4 prazas de conductores/as-Bombeiros/as no cadro de persoal orzamentario dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2026.*

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios interinos suxeitos á obriga inescusable de superación de curso preceptivo de carácter teórico-práctico, con cargo ás 20 prazas vacantes de bombeiro/a e 4 prazas vacantes de condutor/a bombeiro/a indicadas, co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como das condicións e obrigas establecidas no apartado primeiro do presente acordo, na súa condición de aspirantes incorporados en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo -segundo os datos proporcionados polo programa informático do servizo de Administración Electrónica- ás seguintes persoas:

-Categoría profesional: Bombeiros/as, vacantes no SPEIS

	NOME	APELIDO	DNI
1	A.	Guerreiro Mato	***4415**
2	R.	Corchero Morais	***9424**
3	F.	De La Puente Martín	***3287**
4	R.	Soliño Gándara	***9143**
5	R.	Pena García	***9908**
6	A.	Juncal Moreira	***2286**
7	J. L.	Oubiña Allo	***8049**
8	D.	Álvarez Souto	***8783**
9	M.	Santodomingo Lafuente	***9387**
10	J.	Rodríguez Llorca	***7564**
11	M.	Fidalgo Oitavén	***0447**



12	J.	Giráldez Otero	***8211**
13	A.	Sánchez Sánchez	***0303**
14	B.	Comesaña Lago	***7311**
15	F.	Loira Reboiras	***6065**
16	D.	Rodríguez Davila	***9979**
17	R.	Barral Noya	***0566**
18	M.	Veiras Mosquera	***6546**
19	M.	Landeira Pérez	***8516**
20	D.	Martínez González*	***6041**

-Categoría profesional: Condutores/as bombeiros/as, vacantes no SPEIS

	NOME	APELIDO	DNI
1	M.	Falque Crespo	***9981**
2	P.	Regueira Martínez	***8437**
3	A.	Sendín Lama*	***6534**
4	M.	Seijas Rodríguez	***8023**

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada laboral dos efectivos nomeados interinamente suxeitos á obriga de realización de curso teórico-práctico desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento

CUARTO.- Dispoñer que pola Concellería-delegada competente en materia de persoal se proceda a resolver a creación da Comisión de Avaliación do curso teórico práctico a realizar polos aspirantes nomeados, así como á designación dos seus membros, e cuxa actividade deberá rematar con comunicación da relación de funcionarios interinos que acrediten a superación do curso preceptivo.

QUINTO.- Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura da Área e Servizo de destino, Concellería-delegada da Área de encadramento do ámbito de destino, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e a Xunta de Persoal aos efectos oportunos.





Concello de Vigo

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(600).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

